



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE RIVEIRA O DÍA 26 DE XANEIRO DO 2017.

ASISTENTES:

Presidente: D. Manuel Ruiz Rivas (Alcalde) Membros que asisten: D. Manuel Emilio Pérez Outeiral D^a Elvira Pereira Ageitos D^a María Esther Patiño Rey D. Anxo Orellan Fernández D^a María Herminia Pouso Maneiro D. Víctor Reiriz Lampón	Interventor: D. Jorge González Mariño, Técnico de Xestión do Departamento de Intervención, Interventor acctal. (Decreto 20-05-11) Secretario Xeral D. Juan Manuel Salguero del Valle Membros que non asisten: -----
---	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Riveira, sendo as nove horas e corenta minutos do día vinte e seis de xaneiro do dous mil dezasete, reúnen-se os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:


I.- APROBACIÓN DE ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES.


Foi aprobada, por unanimidade dos presentes, a acta da sesión ordinaria de data 19 de xaneiro de 2017.

II.- FACTURAS E PROPOSTAS DE GASTO.

A) FACTURAS.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda aprobar o listado de facturas presentado polo Departamento de Intervención na data 24/01/2017, que será asinado polo secretario xeral para constancia do seu contido e que responde ao seguinte resumo:






Número de relación	2017 - 000001
Importe total	440.802,82 €
Número de facturas	98
1ª factura.	
Emisor (Cif)	33211188Q
Importe	28,06 €
Última factura	
Emisor (Cif)	S1517002J
Importe	320,89 €


B) PROPOSTAS DE GASTO.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** prestar a súa aprobación aos orzamentos presentados segundo as propostas que a continuación se relacionan:

Nº Proposta	1	Data	18/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Cultura Mª Herminia Pouso Maneiro		
DESCRICIÓN DO GASTO	1.600 horas de servizos de conxexería (500 horas para o Auditorio Municipal, 350 para o C.C. Lustres Rivas e 750 para a Sala Museo Municipal)		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	PROPERDIS EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL, S.L.U.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	PROPERDIS EMPRESA DE INSERCIÓN LABORAL, S.L.U.		
NIF/CIF:	B70271614		
Importe (IVE Incluído):	15.468,64 €		
Observacións:			

Nº Proposta	2	Data	20/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Obradoiro de Emprego Tahume III José Luis Muñiz Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO	Subministración de 16 plátanos orientalis para melloras en zona de Fontán a realizar pola especialidade de xardinería do Obradoiro de Emprego Tahume III		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	ESPIÑEIRA CENTRO DE JARDINERÍA, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	ESPIÑEIRA CENTRO DE JARDINERÍA, S.L.		
NIF/CIF:	B15847460		
Importe	576,00 €		
(IVE Incluído):			
Observacións:			





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

Nº Proposta		3	Data	23/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Servizo de Vías e Obras José Manuel Queiruga Brión		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 6 pranchas de policarbonato, 1.000 remaches e 95 barras de xunquillo para reparación de 45 marquesiñas, reposición de mainel inferior		
Nº orzamentos aportados	3	Provedores	- MARLO, S.L. - COMERCIAL MALLO AREA, S.L. - DIGAR DE ARTES, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	MARLO, S.L.			
NIF/CIF:	B70292982			
Importe (IVE Incluído):	2.474,45 €			
Observacións:				

Nº Proposta		4	Data	23/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Departamento de Prensa Abdón Dorca Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO		Publicación dun banner na páxina hiperlocal de Riveira (faldón superior) durante o período febreiro a decembro de 2017		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	LA VOZ DE GALICIA, S.A.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	LA VOZ DE GALICIA, S.A.			
NIF/CIF:	A15000649			
Importe (IVE Incluído):	3.327,50 €			
Observacións:				

Nº Proposta	5	Data	20/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO	Mantemento de servidor para a aplicación www.reservadeportes.com para a xestión de catro instalacións en 2017, incluíndo triple copia de seguridade		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SOLUCIONES TECNOLÓGICAS ALGARSYS, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	SOLUCIONES TECNOLÓGICAS ALGARSYS, S.L.		
NIF/CIF:	B47689336		
Importe (IVE Incluído):	181,50 €		
Observacións:			

Nº Proposta	6	Data	19/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA	Concellería de Deportes Anxo Orellán Fernández		
DESCRICIÓN DO GASTO	Tratamento de prevención da lexiionella na ACS do Complexo Deportivo da Fieiteira (Piscina+campo de herba artificial) no 2017		
Nº orzamentos	1	Provedores	BIOAMBIENTAL CONTROL SANITARIO DE ALIMENTOS





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

aportados			S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	BIOAMBIENTAL CONTROL SANITARIO DE ALIMENTOS, S.L.		
NIF/CIF:	B70020656		
Importe (IVE Incluído):	2.950,00 €		
Observacións:			


Nº Proposta	7	Data	12/12/2016
SERVIZO/CONCELLERÍA	Administrador da Lonxa Municipal de Riveira José M. Orellán Santos		
DESCRICIÓN DO GASTO	Reparación de bombas de auga salgada nº 1 e nº 2 da Lonxa de Riveira, substitución impeles e recubrir caracola con poliester na nº 2		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	RIVELSA, S.L.
Informe:			
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.			
Denominación:	RIVELSA, S.L.		
NIF/CIF:	B15893233		
Importe (IVE Incluído):	1.615,35 €		
Observacións:			

Nº Proposta		8	Data	12/01/2017
SERVIZO/CONCELLERÍA		Concellería de Servizos Sociais Mª Esther Patiño Rey		
DESCRICIÓN DO GASTO		Subministración de 200 tarxetas de estacionamento para persoas con discapacidade		
Nº orzamentos aportados	1	Provedores	SISTEMAS DE PAPEL CONTINUO, S.L.	
Informe:				
PROVEDOR a favor do cal se propón a adxudicación.				
Denominación:	SISTEMAS DE PAPEL CONTINUO, S.L.			
NIF/CIF:	B15422835			
Importe (IVE Incluído):	919,60 €			
Observacións:				

AXUDAS PARA MEDIDAS DE APOIO AO PROGRAMA DE INCLUSIÓN SOCIAL

1.- Vista a proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, Mª Esther Patiño Rey, de data 10/01/2017, en relación ao escrito presentado por **José Ángel Culebras Pérez**, de data 05/01/2017 (Rexistro de entrada nº 116), no que solicita concesión de axudas para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Silvia





Sanjurjo Constenla, de data 10/01/2017, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Conceder a José Ángel Culebras Pérez unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **500,00 €**, para sufragar os gastos derivados do pago da fianza e a primeira mensuralidade do aluguer dunha vivenda.

2.- Vista a proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M^a Esther Patiño Rey, de data 23/01/2017, en relación ao escrito presentado por **José Pérez Santamaría**, de data 30/11/2016 (Rexistro de entrada nº 15.669), no que solicita concesión de axudas para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Silvia Sanjurjo Constenla, de data 23/01/2017, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Conceder a José Pérez Santamaría unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **480,00 €**, para sufragar os gastos derivados do pago de dous meses de aloxamento no Hostal Coral.

3.- Vista a proposta da Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social e Igualdade, M^a Esther Patiño Rey, de data 24/01/2017, en relación ao escrito presentado por **Daneris Altagracia Martínez del Rosario**, de data 24/01/2017 (Rexistro de entrada nº 986), no que solicita concesión de axudas para medidas de apoio ao programa de inclusión social do Concello de Riveira.


A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e visto o **informe social** favorable emitido pola Traballadora Social, Silvia Sanjurjo Constenla, de data 24/01/2017, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Conceder a Daneris Altagracia Martínez del Rosario unha axuda económica consistente no pago dun importe total de **500,00 €**, para sufragar os gastos derivados do pago da fianza e a primeira mensuralidade do aluguer dunha vivenda.

DACIÓN DE CONTA DE INFORMES DEFINITIVOS DE CONTROL FINACIEIRO DA INTERVENCIÓN XERAL DA COMUNIDADE AUTÓNOMA – CONSELLERÍA DE FACENDA.

1.- Dáse conta á **Xunta de Goberno Local** do escrito remitido pola **Intervención Xeral da Comunidade Autónoma – Consellería de Facenda**, de data 13/12/2016 (Rexistro de saída nº 5.502), rexistrado de entrada en data 15/12/2016





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

co nº 16.257, no que remite o **informe definitivo** de control financeiro correspondente á actuación "**Acuerdos de colaboración con entidades del ámbito local 2015-Xunta de Galicia (Nº expte. subvención: TR351A2012/53-1)**", que foi financiada polo Fondo Social Europeo con cargo ao programa Operativo de Adaptabilidade e Emprego, Galicia (MAC 2007-2013), e no que se sinala:

"(...)

6. Conclusiones

Los aspectos más significativos obtenidos en relación con los objetivos del control, para la operación definida en el apartado dos de este informe, son los siguientes:

- A. Las actuaciones objeto de este control cumple las condiciones aplicables con respecto a los objetivos que han de alcanzarse, referidos a la Orden.*
- B. Los gastos declarados se corresponden con los registros contables y los documentos acreditativos que obran en poder del beneficiario.*
- C. Los gastos declarados por el beneficiario son conformes a las normas comunitarias y nacionales (...)*
- D. Se ha abonado la contribución pública al beneficiario de conformidad con el artículo 80 del reglamento (CE) nº 1083/2006*

6.1 - Dictamen definitivo

Se ha dado cumplimiento a lo dispuesto en el artículo 16 del Reglamento (CE) 1828/2006 del Consejo y demás normativa comunitaria y nacional aplicable, verificándose la adecuada obtención, disfrute y destino de la subvención por parte del beneficiario, sin que haya detectado ningún incumplimiento que sea causa de reintegro.


7 - Recomendaciones


En base a los hechos puestos de manifiesto en el control y a las conclusiones que de aquellos se derivan es pertinente realizar las siguientes recomendaciones:

1. En la medida en que las actuaciones están cofinanciadas con fondos FSE recordamos al beneficiario que deberá:

- a. Dejar constancia en el expediente de las medidas de publicidad utilizadas a la hora de identificar a los trabajadores beneficiarios con los distintivos a los que se hace referencia la Orden.*
- b. Cumplir la obligación de mantenimiento de un sistema de contabilidad separado o un código contable adecuado para todas las transacciones relacionadas con la operación (art 60d) Reglamento (CE) 1083/2006).*
- c. De acuerdo con el artículo 64 del Decreto 11/2009, de 8 de enero, por el que se aprueba el Reglamento de la Ley 9/2007, de 13 de junio, de subvenciones de Galicia, ante la devolución voluntaria del reintegro ésta tiene que incluir los intereses de demora, de acuerdo con lo establecido en el artículo 34 de la Ley 9/2007. Recomendamos al beneficiario que, proceda al ingreso de los intereses de demora que corresponden de conformidad con el mencionado artículo."*

2.- Dáse conta á Xunta de Goberno Local do escrito remitido pola **Intervención Xeral da Comunidade Autónoma – Consellería de Facenda**, de data **28/12/2016** (Rexistro de saída nº 5.915), rexistrado de entrada en data **30/12/2016** co nº 16.856, no que remite o **informe definitivo** de control financeiro





correspondente á actuación "**Convenio Novo Mercado Municipal de Ribeira (Código operación: PCF2016/8 – Ref.: 20120800274)**", que foi financiada con Fondos Propios con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia, e no que se sinala:

"(...)

6. Conclusións.

En base ao traballo realizado podemos concluír que:

- *As acción subvencionadas están recollidas na cláusula primeira do convenio asinado: financiamento das obras do novo mercado municipal no Concello de Ribeira.*
- *O Concello de Ribeira cumpriu cos requisitos establecidos no Convenio Asinado, agás polo seguinte: non consta a notificación ao órgano xestor da modificación do proxecto descrita no apartado 5.2.4.*

7. Opinión

Como consecuencia do traballo desenvolvido entendemos que, agás polos puntos descritos no apartado anterior, se cumpriron as medidas establecidas no Convenio de colaboración entre a Consellería de Economía e Industria e o Concello de Ribeira para a realización dun novo mercado municipal.

8. Recomendacións

- *Recomendamos ao beneficiario que comunique ao órgano xestor as modificacións habidas no proxecto"*

MODIFICACIÓNS DE CRÉDITO.


Modificación de Crédito. Xeración de Crédito 2/17:

Vista a Proposta da Alcaldía de data 24/01/2017 na que propón a aprobación da **Xeración de Crédito 2/17**, co motivo da comunicación da Deputación da Coruña, de data 02/12/2016, en relación coa aprobación definitiva da 1ª fase do Plan Provincial de Medio Ambiente 2016, sendo beneficiario o Concello de Ribeira para a actuación "Reordenación e mellora do Parque Urbano de Pedra Pateira"; e de acordo co seguinte detalle:

XC 2/17

Partida de gasto		
Clasificación por programas	Clasificación económica	Aumento
171	609.10	35.088,84 €
Total		35.088,84 €
Concepto de ingreso		Aumento
761.21		35.088,84 €
Total		35.088,84 €

Vista a documentación que obra no expediente e o informe favorable do Interventor acctal., Jorge González Mariño de data 23/01/2017.





A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, acorda prestar a súa aprobación a Xeración de Crédito 2/17 proposta pola Alcaldía.

III.- CONTRATACIÓN.


1.- APROBACIÓN DO PROXECTO TÉCNICO E DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “CONSTRUCCIÓN DE PARQUE INFANTIL NA ÁREA RECREATIVA SITUADA EN “PUNTA DO CASTRO” E MELLORA DO PARQUE INFANTIL DA AMEIXIDA (CASTIÑEIRAS).”.

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras de “Construcción de parque infantil na área recreativa situada en “Punta do Castro” e mellora do parque infantil da Ameixida (Castiñeiras).”.

As actuacións contempladas no proxecto contan con financiamento da Excm. Deputación Provincial de A Coruña ao abeiro da convocatoria do programa de subvencións dirixido a concellos e outras entidades locais para investimentos de promoción económica durante o ano 2016, segundo Resolución número 2016/12191 de concesión definitiva publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña nº 103, da data 01/06/2016 (referencia: FOAYIA/2016; expediente 2015000006639).

Constan no expediente os seguintes documentos:

- 1.- Proxecto técnico para realizar as obras, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira en decembro de 2016, cun orzamento de execución por contrata de 61.100,61 euros (valor estimado do contrato: 50.496,37 euros; IVE 21%: 10.604,24 euros), e cun prazo de execución de 49 días naturais.
- 2.- Informe de legalidade urbanística asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 09/12/2015, en relación coa construción de parque infantil na área recreativa situada en “Punta do Castro”, no que manifesta que as obras desenvolveranse en solos clasificados no PXOM como solo urbano situado no dominio público marítimo terrestre, e conclúe manifestando que non existe inconveniente en relación á normativa urbanística, e que precisa autorización de Costas do Estado.
- 3.- Informe de legalidade urbanística asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 09/12/2015, en relación coa mellora do parque infantil da Ameixida, no que manifesta que as obras desenvolveranse en solos clasificados no PXOM como solo urbano en servidume de protección de costas, e conclúe manifestando que non existe inconveniente en relación á normativa urbanística, e que precisa autorización da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.
- 4.- Autorización para realizar as obras de construción dun parque infantil na






CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)


Declarado Municipio Turístico Galego

área recreativa situada en Punta do Castro, segundo Resolución ditada polo xefe da Demarcación de Costas, cuxa notificación tivo entrada neste Concello na data 25/11/2016, co número 15.419.

- 5.- Autorización para realizar as obras de mellora do parque infantil da Ameixida, segundo Resolución ditada pola secretaria xeral de ordenación do territorio e urbanismo, cuxa notificación tivo entrada neste Concello na data 03/10/2016, co número 12.772.
- 6.- Proposta de contratación, na que se xustifica a necesidade de realizar as obras, asinada pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 02/12/2016 e conformada polo alcalde en funcións Manuel Emilio Pérez Outeiral.
- 7.- Documento contable "RC" expedido polo interventor accidental Jorge González Mariño na data 05/12/2016 (número de operación 2016 22019690), de retención de créditos con cargo á aplicación orzamentaria 171.60909.
- 8.- Informe asinado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 27/12/2016, en relación co artigo 125 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), manifestando que non é necesario realizar a supervisión do proxecto, xa que a súa contía non é superior a 350.000,00 euros e non se trata de obras que afecten á estabilidade, seguridade ou estanquidade da obra.
- 9.- Acta de Replanteo previo das obras a que se refire o artigo 126.1 do TRLCSP, asinada en sentido favorable pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira na data 27/12/2016, logo de manifestar a comprobación sobre o terreo da realidade xeométrica da obra, así como a dispoñibilidade dos terreos precisos para a súa execución, constatando a conformidade e a viabilidade técnica do dito proxecto.
- 10.- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento negociado sen publicidade, con un único criterio de adjudicación (prezo máis baixo), asinado polo alcalde Manuel Ruiz Rivas na data 19/01/2017.
- 11.- Informe xurídico emitido polo secretario xeral Juan Manuel Salguero del Valle na data 20/01/2017, no que conclúe informando favorablemente o expediente de contratación.
- 12.- Informe de fiscalización previa (gastos) emitido polo interventor accidental Jorge González Mariño na data 20/01/2017, no que conclúe informando favorablemente o expediente.

O contrato ten a cualificación de contrato administrativo de obras, tal e como establecen os artigos 6 e 19 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP).





En razón da contía do orzamento (*valor estimado inferior a un millón de euros*), este contrato pode adxudicarse por procedemento negociado, de conformidade co disposto no artigo 171.d) do TRLCSP.

Ao non ser o valor estimado do contrato superior a 200.000,00 euros, non é preceptiva a publicación do anuncio de licitación previsto no artigo 142.1 do TRLCSP, de acordo co indicado no artigo 177.2 do citado TRLCSP.

De conformidade co establecido no artigo 178.1 do TRLCSP, para a adxudicación do contrato é necesario solicitar ofertas, ó menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.

Vistos os artigos 110, 115 e 121 do TRLCSP.

Vista a Disposición Adicional segunda do TRLCSP.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta os seguintes acordos:**

PRIMEIRO.- Aprobado o proxecto técnico para realizar as obras de “Construción de parque infantil na área recreativa situada en “Punta do Castro” e mellora do parque infantil da Ameixida (Castiñeiras)”, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira en decembro de 2016, cun orzamento de execución por contrata de 61.100,61 euros (valor estimado do contrato: 50.496,37 euros; IVE 21%: 10.604,24 euros), e cun prazo de execución de 49 días naturais.

SEGUNDO.- Aprobado o expediente de contratación das obras do proxecto citado no parágrafo anterior.

TERCEIRO.- Aprobado o Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá a contratación das obras por procedemento negociado sen publicidade, con un único criterio de adxudicación (prezo máis baixo).

CUARTO.- Aprobado o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 171.60909.

QUINTO.- Dispoñer a apertura do expediente de adxudicación por procedemento negociado sen publicidade, con un único criterio de adxudicación (prezo máis baixo).

SEXTO.- Conforme establece a cláusula 10 do Prego de cláusulas administrativas particulares, en relación co establecido no artigo 178.1 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, a adxudicación realizarase previa solicitude de ofertas, ó menos, a tres empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato, sempre que iso sexa posible.





2.- ADXUDICACIÓN DO CONTRATO PARA EXECUTAR AS OBRAS DO PROXECTO DENOMINADO “MELLORA DA ACCESIBILIDADE NO CONSERVATORIO MUNICIPAL DE RIVEIRA”.

Visto o expediente que se tramita para contratar as obras do proxecto de “Mellora da accesibilidade no Conservatorio Municipal de Riveira”, cun orzamento total por contrata de 81.396,24 euros (valor estimado do contrato: 67.269,62 euros; IVE 21%: 14.126,62 euros).

A actuación está subvencionada pola Consellería de Política Social da Xunta de Galicia, e cofinanciada polo Programa Operativo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional Galicia 2014-2020, segundo resolución de concesión de subvención asinada pola directora xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade na data 24/11/2016, ao abeiro da Orde do 21 de xullo de 2016, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións aos concellos galegos, destinadas á mellora da accesibilidade nos edificios e espazos de uso público, cofinanciadas polo programa operativo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional Galicia 2014-2020, e se procede á súa convocatoria para os anos 2016 e 2017 (publicada no Diario Oficial de Galicia nº 149, da data 08/08/2016), cuxa notificación tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello na data 30/11/2016, co número 15.649 (referencia expediente 52/2016.BS701A.AT).

O proxecto, redactado pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira en decembro de 2016, foi aprobado por Decreto da Alcaldía da data 26/12/2016.

O expediente de contratación (por procedemento negociado sen publicidade con un único criterio de adxudicación -prezo máis baixo- e con tramitación ordinaria), o prego de cláusulas administrativas particulares e o gasto con cargo á aplicación orzamentaria 320.62301, foron aprobados no mesmo Decreto da Alcaldía da data 26/12/2016.


Por tratarse dun contrato de obras cuxo valor estimado é inferior a 200.000,00 euros, non foi preceptiva a publicación do anuncio de licitación previsto no artigo 142.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo co indicado no artigo 177.2 do mencionado texto refundido.


De conformidade co establecido no artigo 178.1 do citado texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, así como na cláusula 10 do prego de cláusulas administrativas, solicitáronse ofertas ás seguintes empresas capacitadas para a realización do obxecto do contrato:

1.- “Domínguez Arias e Hijos, S.L.”: Escrito da Alcaldía que foi rexistrado de saída na data 26/12/2016, co número 7.030.

2.- “INCOR Soluciones Integrales, S.L.U.”: Escrito da Alcaldía que foi rexistrado de saída na data 26/12/2016, co número 7.031.

3.- “Ascensores ENOR, S.A.”: Escrito da Alcaldía que foi rexistrado de saída na data 26/12/2016, co número 7.032.





Á vista do informe emitido polo administrativo adscrito á oficina de contratación, José Manuel Fernández Dios, e da documentación existente na Oficina de Contratación, consta que a esta contratación presentaron as súas ofertas as seguintes empresas

1.- "INCOR Soluciones Integrales, S.L.U.": Oferta que foi rexistrada de entrada na data 30/12/2016, co número 16.873.

2.- "Domínguez Arias e Hijos, S.L.": Oferta que foi rexistrada de entrada na data 30/12/2016, co número 16.875.

3.- "Ascensores ENOR, S.A.": Oferta que foi rexistrada de entrada na data 02/01/2017, co número 17.

A apertura dos sobres "A" (de documentación administrativa simplificada) das ofertas presentadas foi realizada pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 04/01/2017, na que se acordou declarar admitidas a esta licitación ás tres empresas presentadas, por considerar que a documentación aportada por cada unha delas é correcta.

A apertura dos sobres "B" de cada un dos licitadores admitidos, comprensivos das súas respectivas ofertas económicas (1ª oferta), realizouse pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 05/01/2017, co seguinte resultado:

Licitador	1ª Oferta económica
	Valor estimado (sen IVE)
INCOR Soluciones Integrales, S.L.U.	67.269,62 euros
Domínguez Arias e Hijos, S.L.	66.500,00 euros
Ascensores ENOR, S.A.	67.269,62 euros

Acordándose, na dita reunión, abrir a fase de negociación prevista na cláusula 15.4 do Prego de cláusulas administrativas particulares reitor do expediente de contratación

As invitacións foron cursadas por medio de escritos da Alcaldía da data 05/01/2017, que foron rexistrados de saída na mesma data e notificados por correo electrónico.

A apertura das segundas ofertas económicas (fase de negociación) presentadas por cada un dos licitadores admitidos realizouse pola Mesa de Contratación en reunión celebrada na data 11/01/2017, co seguinte resultado:

Licitador	2ª Oferta económica (fase de negociación)
	Valor estimado (sen IVE)
INCOR Soluciones Integrales, S.L.U.	67.269,62 euros
Domínguez Arias e Hijos, S.L.	66.200,00 euros
Ascensores ENOR, S.A.	66.400,00 euros





Visto o resultado anterior, e tendo en conta que, conforme establece a cláusula 15.2 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor desta licitación, para a adxudicación deste contrato teranse en conta unicamente as ofertas económicas realizadas polos licitadores presentados e admitidos. En consecuencia, a adxudicación realizarase a favor da empresa que presente a oferta máis vantaxosa economicamente, consistente no prezo máis baixo.

Vistas a proposta formulada pola Mesa de Contratación na súa xa mencionada reunión da data 11/01/2017 e a cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares reitor deste contrato, e de acordo cos antecedentes expostos, a alcaldía mediante decreto de data 12/01/2017 resolveu:

- De conformidade co establecido no artigo 151.1 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, clasificar, por orde decrecente de valoración, as proposicións admitidas á contratación das obras do proxecto denominado "Mellora da accesibilidade no Conservatorio Municipal de Riveira", do seguinte xeito:

Orde	Licitador	2ª oferta económica (fase de negociación)
		Valor estimado (sen IVE)
1ª	Domínguez Arias e Hijos, S.L.	66.200,00 euros
2ª	Ascensores ENOR, S.A.	66.400,00 euros
3ª	INCOR Soluciones Integrales, S.L.U.	67.269,62 euros


- De conformidade co establecido no artigo 151.2 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, requirir a "Domínguez Arias e Hijos, S.L.", que é o licitador que resultou clasificado en primeiro lugar, para que, dentro do prazo de dez días hábiles, a contar dende o seguinte a aquel en que reciba a notificación do correspondente requirimento, presente no Rexistro Xeral de Entrada deste Concello a documentación que se indica na cláusula 16 do prego de cláusulas administrativas particulares.


De conformidade co disposto no artigo 146.5 do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, o momento decisivo para apreciar a concorrencia dos requisitos de capacidade e solvencia esixidos para contratar coa Administración será o de finalización do prazo de presentación de proposicións.

De non cumprimentarse adecuadamente o requirimento no prazo sinalado entenderase que o licitador retirou a súa oferta, procedéndose neste caso a solicitala mesma documentación ó licitador seguinte, pola orde en que quedaron clasificadas as ofertas.

O citado decreto foi notificado á empresa requirida na data 18/01/2017.

Dentro do prazo concedido a empresa "Domínguez Arias e Hijos, S.L." presentou a documentación requirida (que tivo entrada no Rexistro Xeral deste





Concello na data 20/01/2017 co número 900), entre a que se inclúe, no que respecta á garantía definitiva, fotocopia da carta de pago expedida polo departamento de contabilidade deste Concello na data 20/01/2017 (nº operación: 2017 33000024), xustificativa de constitución de aval de Abanca como garantía definitiva do contrato por importe de 3.310,00 euros.

Vista a proposta de contratación formulada pola Mesa de Contratación na súa reunión da data 23/01/2017.

Vistos os antecedentes citados, así como a Disposición Adicional segunda do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **ADOPTA OS SEGUINTE ACORDOS:**

PRIMEIRO.- Declarar válido o expediente de licitación tramitado.

SEGUNDO.- De conformidade co establecido na cláusula 17 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe esta contratación, en relación co disposto no artigo 151, apartado 3, do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, de acordo coa oferta presentada polo licitador e a clasificación das proposicións realizada por decreto da alcaldía de data 12/01/2017, **adxudica-lo contrato para realiza-las obras do proxecto de “Mellora da accesibilidade no Conservatorio Municipal de Riveira” á empresa “Domínguez Arias e Hijos, S.L.” (NIF número B-15496235), nas seguintes condicións contractuais:**


a) Prezo total do contrato: 80.102,00 euros (Base: 66.200,00 euros; IVE 21%: 13.902,00 euros).

TERCEIRO.- De conformidade co establecido na cláusula 18 do Prego de Cláusulas Administrativas particulares que rexe a contratación, en relación co disposto no artigo 156 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, **requirir ó adxudicatario para formaliza-lo correspondente contrato** en documento administrativo no prazo non superior ós 15 días hábiles seguintes a aquel en que reciba a notificación deste acordo de adxudicación.

CUARTO.- Designar como Director das obras ó arquitecto municipal Alberto Iglesias Fungueiriño.

QUINTO.- De conformidade co establecido no artigo 151.4 do Real Decreto Legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público, esta adxudicación notificarase a tódolos licitadores





presentados e, simultaneamente, publicárase na Web oficial deste Concello, no apartado “Perfil de Contratante”.

3.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA PARA RESPONDER DO CONTRATO DE “REDACCIÓN DUN PLAN DE MOBILIDADE URBANA SOSTIBLE DO MUNICIPIO DE RIVEIRA (PMUS)”.

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para a “Redacción dun plan de mobilidade urbana sostible do municipio de Riveira (PMUS)”.

A adxudicación realizouse pola Xunta de Goberno Local en sesión da data 19/06/2013 a favor de “Advanced Logistics Group, S.A.” (CIF A58623141), e o correspondente contrato asinouse na data 16/07/2013.

Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva de 4.300,00 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 14/06/2013 (nº de operación 2013 33003095), polo aval de Caixabank, da data 12/06/2013, inscrito no Rexistro Especial de Avais co número 9340.03.1755234-32.

A Acta de recepción dos traballos realizados formalizouse na data 10/03/2015.


Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Vistos os informes emitidos pola enxeñeira municipal Uxía Landeira Pereira e polo interventor accidental Jorge González Mariño, ámbolos dous da data 23/01/2017, favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada para responder da execución do contrato.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta o seguinte acordo:**

A cancelación e devolución da garantía definitiva de 4.300,00 euros constituída por “Advanced Logistics Group, S.A.” (CIF A58623141), para responder da execución do contrato “Redacción dun plan de mobilidade urbana sostible do municipio de Riveira (PMUS)”.

4.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA PARA RESPONDER DO CONTRATO DE “MODIFICADO DE PROXECTO BÁSICO E DE EXECUCIÓN DO CENTRO SOCIAL E DE OCIO BIOSAUDABLE DE OLEIROS, RIVEIRA”.





Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para realizar as obras do proxecto "Modificado de proxecto básico e de execución do Centro Social e de ocio biosaudable de Oleiros, Riveira".

A adxudicación realizouse por acordo da Xunta de Goberno Local, adoptado na súa sesión celebrada na data 05/06/2013, a favor da empresa "FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L." (NIF B15009533), e o correspondente contrato asinouse na data 14/06/2013.

Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva de 26.950,00 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 04/06/2013 (nº operación: 2013 33002936), polo aval do AFIGAL, S.G.R., da data 29/05/2013, inscrito no Rexistro Especial de Avais co número 44.861.

En sesión celebrada na data 14/08/2014 a Xunta de Goberno Local aprobou un modificado do proxecto inicial, sen incremento do prezo, formalizándose o correspondente contrato na data 22/09/2014.

A Acta de recepción das obras formalizouse na data 26/09/2014.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.


Vistos os informes emitidos polo arquitecto José Carlos Seoane González, como director das obras, e polo interventor accidental, Jorge González Mariño, favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada pola empresa para responder da execución do contrato.


A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta o seguinte acordo:**

A cancelación e devolución da garantía definitiva de 26.950,00 euros constituída por "FRANCISCO GÓMEZ Y CÍA, S.L." (NIF B15009533), para responder da execución do contrato "Modificado de proxecto básico e de execución do Centro Social e de ocio biosaudable de Oleiros, Riveira".

5.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA PARA RESPONDER DO CONTRATO DE "CREACIÓN DUNHA PLATAFORMA PARA A XESTIÓN E DIFUSIÓN DOS DATOS XEOGRÁFICOS DE CARÁCTER TURÍSTICO E PATRIMONIAL DO CONCELLO DE RIVEIRA (GIS)".

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para a "Creación dunha plataforma para a xestión e difusión dos datos xeográficos de carácter turístico e patrimonial do Concello de Riveira (GIS)".





A adxudicación realizouse por Decreto da Alcaldía da data 02/05/2013 a favor de "Avansig, S.L.L." (CIF B70271747), e o correspondente contrato asinouse na data 16/05/2013.

Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva de 4.237,50 euros, segundo Carta de Pago expedida polo Departamento de Contabilidade do Concello da data 02/05/2013.

A Acta de recepción dos traballos realizados formalizouse na data 20/12/2013.

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Vistos os informes emitidos pola enxeñeira e o técnico informático municipais, Uxía Landeira Pereira e Ramón Martínez Becerra, respectivamente, así como polo interventor accidental, Jorge González Mariño, ámbolos dous da data 23/01/2017, favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada para responder da execución do contrato.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta o seguinte acordo:**


A cancelación e devolución da garantía definitiva de 4.237,50 euros constituída por "Avansig, S.L.L." (CIF B70271747), para responder da execución do contrato "Creación dunha plataforma para a xestión e difusión dos datos xeográficos de carácter turístico e patrimonial do Concello de Riveira (GIS)".


6.- DEVOLUCIÓN DA FIANZA DEPOSITADA PARA RESPONDER DO CONTRATO DE "SUBMINISTRACIÓN, MANTEMENTO E LIMPEZA DE RETRETES QUÍMICOS PORTÁTEIS PARA INSTALAR NAS PRAIAS E NAS ACTIVIDADES CULTURAIS E/OU FESTIVAS DO CONCELLO DE RIVEIRA DURANTE A TEMPADA DE VERÁN (ANOS 2014 E 2015 E PRÓRROGA ANO 2016)".

Visto o expediente de contratación tramitado por este Concello para a "Subministración, mantemento e limpeza de retretes químicos portátiles para instalar nas praias e nas actividades culturais e/ou festivas do Concello de Riveira durante a tempada de verán (anos 2014 e 2015)".

A adxudicación realizouse pola Xunta de Goberno Local en sesión da data 12/06/2014 a favor de "Suministros Generales Manufacturados, S.L." (CIF B15009681), e o correspondente contrato asinouse na data 13/06/2014.

Para responder da boa execución do contrato a empresa depositou unha garantía definitiva de 1.694,21 euros, segundo Carta de Pago expedida polo





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Departamento de Contabilidade do Concello da data 11/06/2014 (nº de operación 2014 33003852), polo aval do Banco Bilbao Vizcaya Argentaria, S.A., da data 06/06/2014, inscrito no Rexistro Especial de Avals co número 0182000810434.

En sesión celebrada na data 26/05/2016, a Xunta de Goberno Local acordou a prórroga do contrato por un ano máis (2016).

Tendo en conta que transcorreu o prazo de garantía para responder da boa execución do contrato.

Vistos os informes emitidos polo técnico municipal de medio ambiente, Ignacio Luis Fernández Veiga, e polo interventor accidental, Jorge González Mariño, ámbolos dous da data 23/01/2017, favorables á cancelación e devolución da garantía definitiva depositada para responder da execución do contrato.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, de conformidade coa competencia que ten delegada por decreto da Alcaldía da data 01/07/2015 (*ditado ó abeiro do artigo 21.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, de acordo co artigo 14.1 da Lei 30/1992, do 26 novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común*), **adopta o seguinte acordo:**

A cancelación e devolución da garantía definitiva de 1.694,21 euros constituída por "Suministros Generales Manufacturados, S.L." (CIF B15009681), para responder da execución do contrato "Subministración, mantemento e limpeza de retretes químicos portátiles para instalar nas praias e nas actividades culturais e/ou festivas do Concello de Riveira durante a tempada de verán (anos 2014 e 2015 e prórroga ano 2016)".

IV.- DECRETOS DE AVOCACIÓN DE COMPETENCIA.


Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 23/01/2017 **"Decreto: Aprobación das bases reguladoras do proceso selectivo para a formación dunha listaxe para a contratación laboral temporal de auxiliares de policía local ao longo do ano 2017"**.

V.- AUTORIZACIÓNS DEMANIAIS

CESIÓN EN RÉXIME DE PRECARIO DE TERREO PÚBLICO MUNICIPAL PARA A REALIZACIÓN DUN PROXECTO EDUCATIVO (PROXECTO PEDRA FURADA)

VISTA a solicitude realizada por Anxo Gude Teira en representación da **Asociación Socio-Cultural e Agroecolóxica Sachos Á Rúa**, de data 23/01/2017 (Rexistro de entrada nº 947) para a cesión temporal do terreo público municipal situado na parroquia de Artes do Concello de Riveira, denominada Pedra Furada, parcela 123 do polígono 840, con referencia catastral 15074A840001230000ZW,





para realizar proxectos educativos relacionados co coidado do medioambiente e o aproveitamento dos recursos naturais (Proxecto Pedra Furada).

CONSIDERANDO que o que se plantexa é unha cesión gratuíta dun ben inmovible e que de acordo co art. 106.1 da Lei 33/2003, de Patrimonio das Administracións Públicas sería posible legalmente ceder o uso dun ben municipal (neste caso de maneira gratuíta), co que nos encontramos co contrato denominado contrato de comodato, que se recolle nos artigos 1.740 e seguintes do CC, que é posible definilo como o préstamo de uso dun ben ou unha cousa non funxible, polo cal o comodante (neste caso Concello), conserva a propiedade da cousa prestada e o comodatario adquire o uso da mesma sen pagar por elo.

CONSIDERANDO que non se prevén un prazo predeterminado de cesión polo que se acudirá á costume da terra para determinar aquel uso e, en defecto desta, a duración queda ao arbitrio do comodante que poderá reclamarla á súa vontade.

CONSIDERANDO que de acordo co artigo 8.2 da citada Lei 33/2003, no básico en todo caso, a xestión dos bens patrimoniais deberá contribuír ao desenvolvemento das distintas políticas públicas en vigor.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Primeiro.- Ceder á **Asociación Socio-Cultural e Agroecolóxica Sachos Á Rúa** en réxime de precario o ben terreo público municipal situado na parroquia de Artes do Concello de Riveira, denominada Pedra Furada, parcela 123 do polígono 840, con referencia catastral 15074A840001230000ZW, para realizar proxectos educativos relacionados co coidado do medioambiente e o aproveitamento dos recursos naturais (Proxecto Pedra Furada)


Segundo.- En todo caso a citada cesión se resolverá de forma inmediata cando a Corporación precise para os fins que lle son propios o ben obxecto de cesión.


Terceiro.- O cesionario se compromete en todo caso a manter o ben obxecto de cesión en perfectas condicións e a restituilo, cando proceda, nas mesmas que lle foi entregado.

Cuarto.- Se faculta ao Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

VI.- LICENZAS DE ACTIVIDADE.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación





VII.- LICENZAS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado por **María José Fernández Torres**, de data 21/12/2016 (Rexistro de entrada nº 16.541), no que achega proxecto de execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 30/11/15 para engadir a expediente de licenza de obras nº 86/15.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 04/01/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 12/01/2017, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRESTAR CONFORMIDADE a nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 86/15 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de 12 de novembro de 2015, a María José Fernández Torres e Alejandro Rey Lojo, consistente en Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 30.11.15, redactado polo arquitecto Francisco J. Calvo Pérez.


- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde**, visados polos colexios oficiais correspondentes.*


2.- Visto o escrito presentado por **Juan Antonio Luaces Lijó**, de data 03/01/2017 (Rexistro de entrada nº 76), no que achega proxecto de execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 28/12/16 para engadir a expediente de licenza de obras nº 34/16.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal, Jesús García Ramos, de data 09/01/2017, e no informe xurídico con proposta de resolución do Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez De Llano Orosa, de data 11/01/2017, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

PRESTAR CONFORMIDADE a nova documentación aportada ao expediente da licenza de obra nº 34/16 concedida pola Xunta de Goberno Local en sesión de 2 de xuño de 2016, a Juan Antonio Luaces Lijó, consistente en Proxecto de Execución visado polo Colexio Oficial de Arquitectos na data 28.12.16, redactado polo arquitecto Manuel González González.

- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra, Oficio de Execución Material, Coordinación de***





Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde, visados polos colexios oficiais correspondentes.

3.- RESOLUCIÓN EN RELACIÓN AO RECURSO DE REPOSICIÓN PRESENTADO POLO SR. CIPRIANO SANTAMARÍA AYASO EN RELACIÓN AO ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE 14 DE OUTUBRO DE 2016.

FINALIDADE DA LICENZA DE OBRA: Ampliación de vivenda unifamiliar de planta baixa, (en proxecto reforma interior e de cuberta).

CLASIFICACIÓN DO SOLO: Solo Urbano Ordenanza 6.2 Residencial Extensiva Colectiva en Fileira.

REFª CATASTRAL: 8581034MH9088S0001MP.

SITUACIÓN: Rúa Xunqueira, Aguiño, Riveira.

PROMOTOR/A: Cipriano Santamaría Ayaso.

AUTOR/A PROXECTO: Manuel Peleteiro Bandín.

PROXECTO: Proxecto Básico para reforma interior e de cuberta de maio de 2016 / Plano modificados A- 04, A- 05, A- 06, A- 07 A- 08, A-10 de maio de 2016.

ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL: 27.350,00 €.

Visto o expediente de referencia e tendo en conta os seguintes

ANTECEDENTES DE FEITO

1.- Por Cipriano Santamaría Ayaso, solicitábase, en escrito rexistrado de entrada nas datas 3.6.16 e 22.8.16, 23.8.16, (Rexistro de entrada nº 6.790, 10.709 e 10.766), licenza de obras para ampliación de vivenda unifamiliar de planta baixa sita na Rúa Xunqueira, Aguiño, Riveira en parcela con refª catastral nº 8581034MH9088S0001MP achegándose Proxecto Básico de maio de 2016 así como Plano modificados A- 04, A- 05, A- 06, A- 07 A- 08, A-10 de maio de 2016 redactado polo arquitecto Manuel Peleteiro Bandín.

2.- Dita edificación existente segundo consta nos arquivos municipais construíuse en base a licenza de obra para construír unha casa de planta baixa de 7,70 m x 8,20 m., concedida pola Comisión Permanente en sesión celebrada na data 23 de marzo de 1961.

3.- O Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño emite informe na data 6 de setembro de 2016 no que analiza en *sentido desfavorable* o axuste da obra pretendida ás determinacións da LOUGA e do Planeamento Municipal o cal se transcribe:


“

(...)

ASUNTO:

SOLICITUDE DE LICENZA MUNICIPAL PARA OBRAS DE AMPLIACIÓN DUNHA VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA, SITA NA RÚA XUNQUEIRA, AGUIÑO.

SOLICITANTE: CIPRIANO SANTAMARÍA AYASO
ENTRADA Nº: 6790
ORZAMENTO: 27.350,00 €
SUP. CONST.: 126,45 M2





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

INFORME:

Vista a solicitude de licenza de obras municipal presentada e o proxecto básico redactado polo arquitecto Manuel Peleteiro Bandín, examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) vixentes, cómpre informar o seguinte:

1.- Preténdese ampliar unha vivenda unifamiliar de planta baixa sita na rúa Xunqueiriña, de Aguiño. A finca ten asignada a seguinte referencia catastral: 8581034MH908850001MP e ten unha superficie de 228 m2.

2.- A parcela onde se pretenden executalas obras atópase dentro da delimitación de solo clasificado como solo urbano consolidado séndolle de aplicación a ordenanza 6.2 (Residencial extensiva colectiva en hilera).

3.- Realízase un requirimento á propiedade a fin de xustifique unha serie de cuestións de carácter técnico a corrixir e aclarar sobre a documentación técnica aportada e redactada polo arquitecto Manuel Peleteiro Bandín. Con data de 23.08.2016 presentase documentación técnica. A partir da mesma e analizado a totalidade do contido documental do expediente emitimos a seguinte conclusión:

a.- En relación as condicións de habitabilidade, debemos de manifestar o seguinte:

.- Axúntase a configuración e as condicións do Lavadoiro tendal ao disposto polo Decreto de habitabilidade.

.- Acótanse debidamente as alturas libres, a fin de dar cumprimento ao disposto pola normativa de habitabilidade..

.-O espazo de entrada á vivenda.

Incumpre o ancho mínimo establecido (1,50 metros).En todo caso habería que tramitar a excepcionalidade do seu cumprimento, tal e como establece ao respecto o artigo 16 do Decreto de Habitabilidade, e debidamente xustificando no presente caso (razóns estruturais)

.- Aclarase e corríxese a vinculación da estancia maior coa cociña, denominándose agora como unha única estancia (salón-cociña-comedor)

Isto no referente á documentación aportada e as correccións aportadas. Xa no referente ás condicións urbanísticas da parcela detéctase que a edificación non conta con vial urbanizado de acceso, e o camiño que fai de acceso (camiño de terra e denominado no plano de emprazamento como camiño veciñal) non figura recoñecido como vial na planimetría oficial, carecendo de aliñacións e todo tipo de servizos urbanísticos, polo que a edificación existente e obxecto de ampliación ha de considerarse en situación de fora de ordenación.

4.- Na presente Lei 2/2016 do solo de Galicia, e concretamente no artigo 90, establece que para a presente situación legal de fora de ordenación tan só se poderán realizar obras de conservación e as necesarias para mantemento do uso preexistente, a saber:

Artigo 90. Edificios fóra de ordenación


1. Os edificios, construcións e instalacións erixidos con anterioridade á aprobación definitiva do planeamento urbanístico que resulten incompatibles coas súas determinacións por estaren afectados por viais, zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos públicos quedarán incurso no réxime de fóra de ordenación.

Nestas construcións só poderán realizarse obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, debendo renunciar expresamente os propietarios ao incremento do valor expropiatorio.

5.- En virtude do exposto, informamos de xeito **desfavorable** a presente solicitude aos efectos oportunos."

4.- A Xunta de Goberno Local en sesión de data 14 de outubro de 2016 acordou por unanimidade:





“

(...)

Primeiro.- DENEGAR ao Sr. Cipriano Santamaría Ayaso a **LICENZA DE OBRAS** solicitada para levar a cabo a ampliación de vivenda unifamiliar de planta baixa sita na Rúa Xunqueira, Aguiño, Riveira en parcela con refª catastral nº 8581034MH9088S0001MP en base as motivacións sinaladas no informe técnico do Arquitecto Municipal Alberto Iglesias Fungueiriño de data 6 de setembro de 2016.

Segundo.- Notificar a presente resolución ao interesados en cumprimento do disposto na Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.

5.- Posteriormente Sr. Cipriano Santamaría Ayaso, presenta en escrito rexistrado de entrada na data 4.11.16, (Rexistro de entrada nº 14.490), recurso de reposición ante o acordo da Xunta de Goberno Local en sesión de data 14 de outubro de 2016 polo que se deniega ao Sr. Cipriano Santamaría Ayaso a LICENZA DE OBRAS solicitada para levar a cabo a ampliación de vivenda unifamiliar de planta baixa sita na Rúa Xunqueira, Aguiño, Riveira en parcela con refª catastral nº 8581034MH9088S0001MP.

6.- O Técnico de Administración Xeral de Urbanismo José Martínez de Llano Orosa emite informe xurídico favorable na data 12 de decembro de 2016.

7.- O Arquitecto Técnico Jesús García Ramos emite informe na data 27 de decembro de 2016 no que analiza en *sentidofavorable* o axuste da obra pretendida ás determinacións da LOUGA e do Planeamento Municipal facendo constar que :

“

(...)

Se informa favorablemente.”


FUNDAMENTOS DE DEREITO

Primeiro.- O recurso de reposición foi interposto en tempo e forma, por persona lexitimada para a súa interposición e ante o órgano competente para a súa resolución.

Segundo.- A parcela na que se atopa a edificación para a a que se solicita a licenza de obra clasifícase no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira, aprobado definitivamente polo Pleno da Corporación Municipal en sesión celebrada na data 17.12.02, publicado no B.O.P. de data 14.01.03 e no D.O.G. do 20.03.03, como **SOLO URBANO CONSOLIDADO, CON ORDENANZA 6.2 RESIDENCIAL EXTENSIVA COLECTIVA EN FILEIRA.**

Terceiro.- Establece o artigo 17.a) da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia que o Solo Urbano Consolidado e aquel que está integrado polos terreos que reúnan a condición de soar ou que, polo seu grao de urbanización efectiva e asumida polo planeamento urbanístico, poidan adquirir a dita condición mediante obras accesorias e de escasa entidade que poidan executarse simultaneamente coas de edificación.

Cuarto.- O artigo 18.1 da Lei do Solo de Galicia dispón que terán a condición de soar as superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

que contén con acceso por vía pública pavimentada e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas residuais á rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica e iluminación pública, en condicións de caudal e potencia adecuadas para os usos permitidos. Se existe planeamento, ademais do anterior, deberán estar urbanizadas de acordo coas aliñacións e rasantes de todas as vías ás que dean fronte.

Quinto.- O artigo 142 da Lei do Solo de Galicia, dispón que a licenza urbanística e a comunicación previa teñen por finalidade o sometemento ao control municipal dos actos de edificación e uso do solo.

Sexto.- O procedemento de outorgamento de licenzas ven regulado no artigo 143 da Lei do Solo de Galicia, onde se establece que as licenzas outorgaranse de acordo coas previsións da lexislación e do planeamento urbanísticos, en ningún caso se entenderán adquiridas por silencio administrativo facultades ou dereitos que contraveñan a ordenación territorial ou urbanística.

A competencia para outorgar as licenzas correspóndelles aos municipios, segundo o procedemento previsto na lexislación de réxime local. As peticións de licenza resolverase no prazo de tres meses, contado desde a presentación da solicitude coa documentación completa no rexistro do Concello.

Para o outorgamento da licenza solicitada serán preceptivos os informes técnicos e xurídicos municipais sobre a súa conformidade coa legalidade urbanística.

As solicitudes de licenzas que se refiran á execución de obras ou instalacións deberá achegarse proxecto técnico completo redactado por técnico competente, na forma e co contido que se determine regulamentariamente.

Unha vez presentado ante o concello, o proxecto adquire o carácter de documento público, e o seu autor responde da exactitude e veracidade dos datos técnicos consignados nel.

A estes efectos no expediente consta Proxecto Básico de maio de 2016 así como Plano modificados A- 04, A- 05, A- 06, A- 07 A- 08, A-10 de maio de 2016 redactados polo arquitecto Manuel Peleteiro Bandín.


Transcurrido este prazo sen se comunicar ningún acto, terá os efectos establecidos de conformidade co disposto nos artigos 21 e ss da Lei 39/2015 de 1 de outubro do procedemento administrativo común das administracións públicas.


Sétimo.- O artigo 145 da Lei do Solo de Galicia establece que no acto de outorgamento da licenza de edificación determinaranse os prazos de caducidade por causa de demora na iniciación e finalización das obras, así como por causa de interrupción delas.

Na súa falta, o prazo de iniciación non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Os municipios poderán conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga. Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.





A caducidade será declarada pola administración municipal logo do procedemento con audiencia ao interesado.

Oitavo.- O artigo 90 da Lei do Solo de Galicia establece que os edificios, construcións e instalacións erixidos con anterioridade á aprobación definitiva do planeamento urbanístico que resulten incompatibles coas súas determinacións por estar afectados por viais, zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos públicos quedarán incursos no réxime de fóra de ordenación.

Nestas construcións so poderán realizarse obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, debendo renunciar expresamente os propietarios ao incremento do valor expropiatorio.

O Planeamento Urbanístico determinará o réxime ao que deban someterse as edificacións, construcións e instalacións preexistentes a súa aprobación definitiva que non sexan plenamente compatibles coas súas determinacións, pero que non estean incursas na situación de fóra de ordenación, conforme o sinalado no punto anterior, e poderanse realizar, como mínimo as obras sinaladas no punto anterior.

Noveno.- O artigo 171 do Plan Xeral de Ordenación Urbana establece que se considerará edificación fóra de ordenación aquela que incumpra algunha das prescricións e limitacións que se establezcan neste Plan con respecto á ordenación e a edificación.


Cando a inadaptación ás actuais Normas reguladoras da ordenación de volumes non sexan de gran magnitude ni supoñan grave perxuício o perigo, ou ben sexan debidas á aplicación de anteriores Normas u Ordenanzas de Edificación que non ten por qué coincidir coa Normativa do presente Documento, entenderase entón que ese tipo de edificacións encóntranse na situación xenérica de fóra de ordenación.


A situación xenérica de fóra de ordenación permite autorizar neles as necesarias obras de mellora e conservación, garantíndose o seu uso actual e a súa adecuación aos criterios técnicos de edificación da Normativa deste Documento, aunque non se poderá permitir ampliacións que supoñan un incremento do volume edificado.

En consecuencia de acordo co expresado, cando a situación de fóra de ordenación resulte do número de plantas, esta circunstancia non impedirá a libre transmisión de venta ou sucesión das vivendas nin a imposición de cargas sobre as mesmas.

Excepcionalmente e cando as condicións da finca non permitan mellor solución por aplicación da ordenanza, poderán autorizarse obras de aumento de volume e consolidación ao exclusivo obxecto da mellora das condicións hixiénico-sanitarias da vivenda, ata un 35 % da superficie edificada con anterioridade á publicación deste Plan, sen superar as condicións de edificabilidade da ordenanza de aplicación.

No caso dunha edificación de nova planta, é dicir, posterior á data de aprobación definitiva deste Documento, que manifestamente incumpliera á Normativa que regula a ordenación de volumes, o alcalde estará no deber de proceder a inmediata suspensión das obras e demais medidas previstas no art. 175





LSG (derogado) e concordantes do Regulamento de Disciplina Urbanística aprobado por Decreto 28/1999 (derogado) sin perxuício da aplicación das correspondentes sancións por infracción urbanística que a LS e RDU establecen.

Décimo.- O Real Decreto 1000/2010 de 5 de agosto establece os traballos profesionais que deben someterse a visado colexial obligatorio, concretando asemade o réxime xurídico aplicable aos mesmos.

Décimo primeiro.- No caso que nos ocupa, e visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local, ao se-lo órgano municipal competente de conformidade co Decreto de delegación de competencias do alcalde na Xunta de Goberno Local de data 1 de xullo de 2015.

CONSIDERACIÓNS

Para a resolución pola Xunta de Goberno Local do recurso de reposición presentado polo Sr. Cipriano Santamaría Ayaso en escrito rexistrado de entrada na data 4.11.16, (Rexistro de entrada nº 14.490), en relación a denegación da licenza de obra en sesión celebrada na data 14 de outubro de 2016, o informante considera que cómpre realizar unha exposición do novo marco normativo no que se atopan as edificacións existentes que no se adaptan integramente as especificacións establecidas no Planeamento Municipal, tras a entrada en vigor da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, como resulta no presente suposto.

O artigo 103 da derogada Lei 9/2002, de 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia, distinguía dos situacións diferentes dentro da figura do fóra de ordenación, establecendo por un lado un fóra de ordenación total definido como aquel xerado por unha completa incompatibilidade coas previsións do Planeamento respectivo onde unicamente se autorizaban a realización de meras obras de conservación e as necesarias para o mantemento do uso preexistente, e outra situación de fóra de ordenación parcial que se producía porque se incumplía unicamente determinadas prescricións do Planeamento, contemplándose a posibilidade de obras de mellora, reforma e ampliación que expresamente contemplase o Planeamento respectivo, cuestión problemática sobre todo nos municipios como é o do Concello de Riviera onde o Planeamento non estaba adaptado á mencionada Lei 9/2002.

A nova Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia no seu artigo 90 que substitúe o derogado 103 da Lei 9/2002, introduce como importante novidade a eliminación á referencia da categoría do réxime de fóra de ordenación parcial, para referirse unicamente a unha situación de fóra de ordenación que pola súa redacción no seu punto 1º e equivalente e concordante co antigo fóra de ordenación total da Lei 9/2002.

O artigo 90 contén unha relación pechada dos supostos de fóra de ordenación, a diferenza do artigo 103.2º da Lei 9/2002, destacando a nova Lei que quedarán afectados por tal situación, *“os edificios, construcións e instalacións erixidos con anterioridade á aprobación definitiva do planeamento urbanístico que resulten incompatibles coas súas determinacións por estar afectados por viais, zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos públicos”*, establecendo así unha






sucinta enumeración dos supostos de fóra de ordenación a diferenza da antiga Lei que evita a interpretación técnica ou xurídica de cando unha edificación está afectada por tal situación.


Cómpre nesta categoría de fóra de ordenación mencionar o disposto polo artigo 205 do Decreto 143/2016 de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia que establece que *“éste réxime será de aplicación no caso dos edificios, construcións e instalacións existentes en solo urbano non consolidado, en áreas de solo de núcleo rural nas cales se prevexan actuacións de carácter integral, no solo urbanizable e nos terreos afectados a sistemas xerais, mentres non estea aprobada definitivamente a ordenación detallada dos ditos ámbitos”*.

Nas edificacións que se atopan en situación de fóra de ordenación so poderán realizarse obras de conservación e as necesarias para o mantemento de uso preexistente, debendo renunciar expresamente os propietarios ao incremento de valor expropiatorio futuro, existencia ésta última non contenida no artigo 103 da Lei 9/2002 pero que de feito si se realizaba en virtude do disposto no Regulamento de Disciplina Urbanística aprobado por Decreto 28/1999, (derogado polo recente Decreto 143/2016 de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016 do 10 de febreiro do Solo de Galicia), que trataba de evitar que determinadas obras conlevasen unha revalorización das edificacións que dificultase a súa expropiación futura e con elo dificultar o efectivo desenvolvemento das determinacións do Plan respectivo.

A xuízo do informante a importante novidade que introduce a Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia é a supresión da categoría de fóra de ordenación parcial, si ben o punto 2º do artigo 90 establece que *“o Planeamento Urbanístico determinará o réxime ao que deban someterse as edificacións, construcións e instalacións preexistentes a súa aprobación definitiva que non sexan plenamente compatibles coas súas determinacións pero que non estén incursas na situación de fóra de ordenación, conforme ao sinalado no punto anterior, e se poderán realizar como mínimo as obras sinaladas no punto anterior”*, observándose do anterior que se mantén implícita unha situación análoga aínda que máis xenérica e imprecisa se cabe, ao que establecía o artigo 103.3º da Lei 9/2002. Destaca o feito de que non se exige para dita situación a existencia de renuncia ao incremento do valor expropiatorio que na Lei 9/2002 de facto se aplicaba a ambos réximes, e en contraposición co previsto pola Lei 9/2002 non se definen as obras que a maiores se autorizan y que poderán realizarse en tal situación derivando dita labor ao Planeamento respectivo.

Considero importante aínda que non é aplicable ao suposto que nos ocupa por tratarse de distinta calificación de Solo como é Solo Rústico e Solo de Núcleo onde o artigo 40 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, introduce a novidade para as edificacións sitas en solo rústico e solo de núcleo rural, que contén de modo colateral un réxime complementario para as edificacións incursas na antiga categoría de fóra de ordenación parcial, posibilitando dito artigo a posibilidade de acometer nas edificacións tradicionais existentes en calquera categoría de solo de núcleo ou de solo rústico e sen necesidade de cumprir todos





os parámetros urbanísticos a excepción do límite de altura, obras de rehabilitación, reconstrucción e por razóns xustificadas, ampliación inclusive en volume independente, sen superar o volume orixinal, mantendo en todo caso as características esenciais do edificio. Aos efectos do artigo 40, terán a consideración de tradicionais todas aquelas sen excepción existentes con anterioridade á entrada en vigor da Lei 19/1975 de 2 de maio de reforma da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana, que entrou en vigor o 25 de maio de 1975, do que se observa que o carácter tradicional que establece a nova Lei refírese a antigüidade da edificación con independencia da tipoloxía e características das mesmas, pois a norma non impón que deban resultar vivendas o construcións usualmente consideradas como tradicionais no medio rural galego, no senso que pola contra si exixía o artigo 29 da Lei 9/2002 ao referirse a vivendas de núcleos rurais.


O artigo 40 non se refire nin trata en exclusiva as edificacións na precedente e agora extinta situación de fóra de ordenación parcial pois tamén é aplicable para aquelas edificacións nas que aínda cumpríndose a totalidade dos parámetros urbanísticos do Plan en vigor se pretenda realizar unha ampliación que non resultaría permitida polo Plan pero si autorizaría o artigo 40 nas condicións citadas. Neste suposto tampoco se exige a renuncia ao incremento do valor expropiatorio, xa que a edificación resulta axustada ao ordenamento xurídico.


Polo anteriormente exposto coa nova Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia o marco xurídico distingue tres situacións:

Edificacións en situación de fóra de ordenación por quedar afectadas por novos viais, zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos públicos no Planeamento; atendendo ao artigo 205 do Decreto 143/2016 de 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia éste réxime será de aplicación no caso dos edificios, construcións e instalacións existentes en solo urbano non consolidado, en áreas de solo de núcleo rural nas cales se prevexan actuacións de carácter integral, no solo urbanizable e nos terreos afectados a sistemas xerais, mentres non estea aprobada definitivamente a ordenación detallada dos ditos ámbitos Nelas se poderán autorizar solamente obras de conservación e as imprescindibles para garantir o uso preexistente.

Edificacións que sin atoparse no suposto precedente, incumpran algún parámetro urbanístico establecido no Planeamento Municipal. Nestas edificacións resultarían autorizables, además das obras sinaladas no apartado precedente, aquelas outras que permita o Planeamento.

Edificacións preexistentes á entrada en vigor da Lei 19/1975 de 2 de maio de reforma da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana, sitas en calquera categoría de solo de núcleo ou de solo rústico que incumpran a súa vez algún parámetro urbanístico. Nestas edificacións resultarían autorizables, además das obras sinaladas nos apartados precedentes, aquelas obras de rehabilitación, reconstrucción e por razóns xustificadas, ampliación inclusive en volume independente sen superar o 50% do volume da edificación orixinal.





Tras a anterior análise do novo marco normativo tras a entrada en vigor da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia, análizase as alegacións presentadas polo Sr. Cipriano Santamaría Ayaso no recurso de reposición presentado.

PRIMEIRO.- En relación ao punto primeiro expón o Sr. Cipriano Santamaría Ayaso que

“

(...)

El proyecto presentado consiste en una reforma interior y de cubierta de una vivienda unifamiliar existente y pretende adecuar la vivienda a los parámetros y normativas actuales.

(...)

Con el proyecto presentado no se pretende levantar la cumbrera del edificio. Simplemente se procura aprovechar el espacio existente de una manera racional para que sea apto para habitar. No se amplía la vivienda unifamiliar. La cubierta de entramado de madera y teja existe, no cumple con las condiciones del código técnico en materia de ahorro energético, por lo que es precisa su sustitución.

La edificación existente, cumple con todos los parámetros exigidos en la ordenanza 6.2, parcela mínima, frente ocupación de la parcela, edificabilidad, altura máxima y altura coronación.”

Establece ao respecto o o artigo 18.1 da L.S.G. que dispón que *terán a condición de soar as superficies de solo urbano legalmente divididas e aptas para a edificación que contén con **acceso por vía pública pavimentada** e servizos urbanos de abastecemento de auga potable, evacuación de augas residuais á rede de saneamento, subministración de enerxía eléctrica e iluminación pública, en condicións de caudal e potencia adecuadas para os usos permitidos. **Se existe planeamento, ademais do anterior, deberán estar urbanizadas de acordo coas aliñacións e rasantes de todas as vías ás que dean fronte.***

Visto o disposto no mencionado artigo non se pode admitir o exposto polo Sr. Cipriano Santamaría Ayaso no que se refire ao cumprimento dos parámetros urbanísticos exigidos na ordenanza 6.2, **xa que segundo se dispón do informe técnico emitido polo arquitecto municipal na data 6 de setembro de 2016 a parcela na que se atopa a vivenda non conta con vial urbanizado de acceso, e o camiño que fai de acceso non figura recoñecido como vial na planimetría oficial.**


SEGUNDO.- En relación ao punto segundo e terceiro do recurso expón o Sr. Cipriano Santamaría Ayaso que

“

(...)

La parcela da frente a vía pública.

(...)





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

Los artículos 18 y 19 de la ley 2/2016 definen las características y las condiciones para que un terreno sea considerado solar.

El presente terreno posee acceso rodado, suministro de agua, luz, teléfono y alcantarillado conectado a la red municipal de saneamiento.

Por todo ello, la edificación existente cumple con todos los condicionantes para otorgar la licencia solicitada.

(...)

“

O informante reitera o disposto no punto anterior e reitera que solicitado informe á oficina técnica do Concello pola mesma se informa que o vial que dá acceso á parcela do Sr. Cipriano Santamaría Ayaso non figura recoñecido como público nin consta como tal no Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira.

Terceiro.- Alega por último o Sr. Cipriano Santamaría Ayaso que:

“

(...)

Aún en el supuesto de que dicha construcción pudiera considerarse como fuera de ordenación, en virtud de los artículos 169, 170, 171 y 172 del PGOM, las obras que se pretenden realizar, según el proyecto presentado y al amparo de dichos artículos, no implican un aumento de superficie útil y/o construída, ni un aumento de volumen.

Según la definición recogida en el P.G.O.U de Riveira (artículo 172), son totalmente legales.

(...)

Se adjunta la licencia de obra original, para la construcción de la casa, concedida con anterioridad al año 1975. Por ello, se considera según la ley del suelo de Galicia 2/2016 “EDIFICIO DE CARÁCTER TRADICIONAL”, PUDIÉNDOSE AMPLIAR HASTA UN 50% de la edificación.


Con respecto a la ley del suelo de Galicia 2/2016 hay que ceñirse a los artículos 40 edificaciones existentes de carácter tradicional y artículo 90 edificaciones fuera de ordenación.

(...)

”

Si ben é certo que o artigo 40 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia establece unha novidade no tratamento as edificacións tradicionais e insta un réxime certamente mais permisivo para a rehabilitación e ampliación das mesmas, non é aplicable ao presente suposto pois o artigo 40 se refire unicamente as edificacións tradicionais sitas no solo rústico e no solo de núcleo rural.





CONCLUSIONES

Primeira.- A parcela na que se atopa a vivenda unifamiliar de planta baixa sita na Rúa Xunqueira, Aguiño, Riveira en parcela con refª catastral nº 8581034MH9088S0001MP propiedade do Sr. Cipriano Santamaría Ayaso obxecto da solicitude de licenza de obra, incumpre prescricións establecidas na Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia e no Planeamento Municipal para que dita parcela sexa considerada como soar xa quea mesma parcela na que se atopa a vivenda non conta con vial urbanizado de acceso, e o camiño que fai de acceso non figura recoñecido como vial na planimetría oficial.

Segundo.- A pesar do anteriormente exposto e de que as alegacións presentadas no recurso de reposición foron razoadamente desestimadas anteriormente, a edificación que nos ocupa é certo que segundo o disposto no artigo 90.1º da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia ***non se pode considerar que se atope en situación de fóra de ordenación porque non está incluída nos supostos tipificados no citado artigo e non está*** afectada por novos viais, zonas verdes, espazos libres, dotacións e equipamentos públicos no Planeamento.


Terceiro.- Dita edificación non é plenamente compatible coas determinacións do Planeamento polo que atendendo ao artigo 90.2º da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia nesta edificación resultarían autorizables, además das obras sinaladas no artigo 90.1º, aquelas outras que permita o Planeamento Municipal.


Cuarto.- O Plan Xeral de Ordenación Urbana do Concello de Riveira abre a posibilidade no artigo 171 para que nas edificacións existentes con anterioridade á publicación deste Plan sen superar as condicións de edificabilidade da ordenanza de aplicación podase con carácter excepcional executar obras de aumento de volume ao exclusivo obxecto de mellorar as condicións hixiénico-sanitarias da vivenda.

Quinto.- Consta nos arquivos municipais sentenza emitida na data 9 de xuño de 2016 polo Xulgado Contencioso/Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela en relación ao procedemento abreviado nº 379/2014 / procedemento ordinario nº 379/2014 no que considera axustado á normativa obra de aumento de volumen en edificación fóra de ordenación (neste suposto incluso incumprindo parcela mínima, ocupación, edificabilidade).

Sexto.- Visto que o Plan Xeral do Concello de Riveira está adaptado á Lei do Solo 1/1997 de 24 de marzo, o informante considera necesario realizar unha modificación dos artigos 170, 171 e 172 do Plan mediante o procedemento establecido ao efecto para adaptar o disposto respecto ás edificación que incumplen o planeamento á vixente Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do Solo de Galicia.

Sétimo.- Polo anteriormente exposto o informante considera axustada á normativa a obra solicitada polo que se informa favorablemente a licenza de obra





solicitada polo Sr. Cipriano Santamaría Ayaso para executar a reforma interior e de cuberta de vivenda unifamiliar de planta baixa sita na Rúa Xunqueira, Aguiño, Riveira en parcela con refª catastral nº 8581034MH9088S0001MP nos termos do Proxecto Básico de maio de 2016 así como Plano modificados A- 04, A- 05, A- 06, A- 07 A- 08, A-10 de maio de 2016 redactado polo arquitecto Manuel Peleteiro Bandín.

Polo anteriormente exposto visto o informe técnico favorable emitido polo Arquitecto Técnico Municipal Jesús García Ramos na data 27 de decembro de 2017 e vista a documentación obrante no expediente, e visto o informe técnico con proposta de resolución emitido ao respecto polo Técnico de Administración Xeral Urbanismo, José Martínez de Llano Orosa, de data 11/01/2017, a **Xunta de Goberno Local**, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**


Primeiro.- ESTIMAR O RECURSO DE REPOSICIÓN presentado polo Sr. Cipriano Santamaría Ayaso, a en escrito rexistrado de entrada na data 4.11.16, (Rexistro de entrada nº 14.490), e **CONCEDER LICENZA DE OBRAS (Nº 2/17)** para **AMPLIACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR DE PLANTA BAIXA** sita na Rúa Xunqueira, Aguiño, Riveira en parcela con refª catastral nº 8581034MH9088S0001MP, nos termos do Proxecto Básico de maio de 2016 así como Plano modificados A- 04, A- 05, A- 06, A- 07 A- 08, A-10 de maio de 2016 redactado polo arquitecto Manuel Peleteiro Bandín:


- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Proxecto de Execución** visado polo Colexio Oficial Colexio Oficial de Arquitectos.*
- *Deberá presentar con anterioridade ao inicio das obras **Oficio de Dirección de Obra** visado polo Colexio Oficial de Arquitectos, **Oficio de Execución Material, Coordinación de Seguridade e Saúde, Estudio Básico de Seguridade e Saúde**, visados polos Colexios Oficial de Aparelladores Arquitectos Técnicos e Enxeñeiros da Edificación.*

Segundo.- A obra iniciárase no prazo máximo de seis meses contados a partir da data da notificación da licenza e rematará no prazo máximo de tres anos desde a notificación da licenza.

Terceiro.- Teranse en conta as seguintes condicións xerais:


- *A parcela estará valada durante a execución da obra. O valo será de madeira e pintárase con franxas verticais en cores branca e azul, de 30 centímetros de ancho, coa adopción das pertinentes medidas de seguridade, cunha altura mínima de 2,50 metros, satisfacéndose os correspondentes dereitos, incluídos os de ocupación da vía pública, se fora necesaria a súa utilización temporal, de acordo ás respectivas Ordenanzas Fiscais. A parte da vía pública obxecto de ocupación por valo, no seu caso, será determinada polos Servizos Técnicos Municipais nunha acta de planeamento, de tal maneira que non resulte interrompido o tránsito.*





- A licenza e demais documentación, ou copias fidedignas de todo isto, estarán no poder do encargado das obras para a súa exhibición ás autoridades ou funcionarios competentes.
- Non no previsto nas condicións xerais e especiais, estarase ó establecido na lexislación do Réxime Local e Urbanística e demais disposicións pertinentes.
- O incumprimento da licenza en calquera das súas cláusulas determinará a súa invalidez e caducidade sen indemnización de ningunha clase, de conformidade co establecido no artigo 16 do citado Regulamento de servizos e demais normas de pertinente aplicación, sendo responsables o promotor, construtor ou dirección técnica.
- Deberá xestionar correctamente os residuos de construción e demolición xerados de acordo co disposto na normativa estatal e autonómica aplicable (Lei 10/1998, do 21 de abril, de residuos e Decreto 174/2005, do 9 de xuño, polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión dos residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, Real Decreto 105/2008, do 1 de xaneiro, polo que se regula a produción e xestión dos residuos de construción e demolición, e Lei 10/2008, do 3 de novembro, de residuos de Galicia).
- Non poderán almacenarse materiais ou outros obxectos fóra do recinto valado.
- A presente licenza non ampara a utilización de grúas. Se iso fora preciso, presentarase a correspondente solicitude.
- A obra realizarase baixo a dirección de técnicos competentes, co cumprimento dos demais requisitos regulamentarios e a adopción das pertinentes medidas de seguridade.
- Procederase con carácter previo ao inicio das obras ao seu replanteo polos Servizos Técnicos Municipais e, e tal efecto, participarse a data da súa iniciación.
- As fachadas estarán suxeitas a servidume gratuíta de instalación de placas, números, soportes outros que o Concello determine a fins públicos.
- Colocarase na fronte da parcela e en lugar visible un cartel de 1,50 metros de ancho por 1 de alto, como mínimo, no que se conteñan de maneira clara os seguintes datos: "1. Clase de obra; 2. Número de licenza municipal; 3. Alturas; 4. Voos; 5. Nome e apelidos o promotor, Arquitecto, Aparellador e Contratista".
- Os servizos urbanísticos, camiños, ..., quedarán en perfectas condicións, vindo obrigado o titular da licenza á súa debida reposición, no caso de deterioros producidos durante a execución da obra, sen prexuízo das facultades da Administración para a execución subsidiaria a costa do interesado.

Cuarto.- Durante a execución da obra non poderá establecerse sinalización algunha que afecte á circulación pola estrada sen a expresa autorización escrita do





Concello de Riveira. Asimesmo non poderá instalarse elementos de iluminación que poidan cegar ós condutores dos automóviles que circulen pola estrada. A contravención destas condicións serán consideradas como faltas moi graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Quinto.- Durante a execución da obra adoptaranse as precaucións oportunas para que en ningún caso se produza arrastre de terras ou de calesquera outros materiais á plataforma ou foxos da estrada, ben adheridos ás rodas dos vehículos ou maquinaria que participe nas obras o por calquera outra causa. Asimesmo non poderán verse á calzada, beiravías, foxos, desmontes ou terrapléns da estrada as augas da choiva ou calquera outros produtos ou materiais procedentes da construción autorizada. O incumprimento destas condicións serán considerados como faltas graves, e darán lugar á tramitación do expediente de reposición da legalidade urbanística.

Sexto.- Se os técnicos do Departamento de Urbanismo do Concello de Riveira encargados da inspección e vixilancia da obra aprecianse desviacións na execución da obra respecto ás condicións impostas na licenza, procederase a inmediata paralización da obra, sen prexuízo de incoar expediente de reposición da legalidade urbanística.


Sétimo.- O titular da licenza virá obrigado a repoñer, o seu cargo os elementos da estrada que resulten afectados pola execución da obra, restituíndos ás súas anteriores condicións de seguridade, funcionalidade e aspecto.


Oitavo.- Asimesmo a licenza concedida:

- *So producirá efectos entre o Concello e o titular da licenza, sen alterar as relacións xurídicas privadas entre este e terceiras persoas.*
- *Enténdese outorgadas a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.*
- *Non poden ser invocadas para excluír ou diminuír a responsabilidade civil ou penal en que puideran incorrer os seus titulares.*
- *Por outro lado, os propietarios de toda clase de terreos, construcións, edificios e instalacións deberán destinalos aos usos permitidos polo planeamento urbanístico e mantelos en condicións de funcionalidade, seguridade, salubridade, ornato público e habitabilidade segundo o seu destino, e con arranxo ás normas de protección do medio ambiente, do patrimonio histórico e da rehabilitación.*

VIII.- INFORMACIÓNS URBANÍSTICAS.

1.- Visto o escrito presentado pola **Autoridade Portuaria de Vilagarcía de Arousa**, de data 11/01/2017 (Rexistro de saída nº 36) e rexistrado de entrada en





data 13/01/2017 co nº 432, no que solicita información urbanística sobre posibles usos do Faro de Corrubedo e edificios anexos.

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 20/01/2017, por unanimidade dos presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

Vista a localización da finca de acordo cos datos facilitados polo solicitante; examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, cómpre informar o seguinte:

1.- A presente parcela atópase dentro da delimitación do solo clasificado polo PXOM como **solo rústico de protección ordinaria**. No presente caso serallle de aplicación o réxime establecido pola vixente Lei 2/2016 (LSG), do solo de Galicia para o solo rústico coa correspondente categoría (protección ordinaria), en aplicación do disposto ó respecto pola súa disposición transitoria primeira desta lei.

2.- En relación aos posibles usos, e concretamente no referente ao uso hostaleiro/hoteleiro, debemos de remitirnos ao artigo 35 da LSG, o cal establece o réxime de usos permitidos. Para o presente caso, podemos atender ao disposto no apartado 1.o) do citado artigo, a saber:

o) Construcións e rehabilitacións destinadas ao turismo que sexan potenciadoras do medio onde se localicen.

3.- De tódolos xeitos, e en atención ao uso indicado e pretendido na presente solicitude, tamén podemos aplicar o artigo 40 da LSG


Artigo 40. Edificacións existentes de carácter tradicional


As edificacións tradicionais existentes en calquera categoría de solo de núcleo ou de solo rústico poderán ser destinadas a usos residenciais, terciarios ou produtivos, a actividades turísticas ou artesanais e a pequenos talleres e equipamentos.

Logo da obtención do título habilitante municipal de natureza urbanística, e sen necesidade de cumprir os parámetros urbanísticos aplicables agás o límite de altura, permitirase a súa rehabilitación e reconstrución e, por razóns xustificadas, a súa ampliación mesmo en volume independente, sen superar o 50 % do volume orixinario da edificación tradicional.

En calquera caso, deberanse manter as características esenciais do edificio, do lugar e da súa tipoloxía orixinaria.

Para os efectos do previsto neste artigo, consideraranse edificacións tradicionais aquelas existentes con anterioridade á entrada en vigor da Lei 19/1975, do 2 de maio, de reforma da Lei sobre o réxime do solo e ordenación urbana.





4.- En aplicación do disposto no artigo 36 da LSG, no presente caso sería preceptivo obter a autorización de Costas De Galicia (CMATI), toda vez que o faro atópase dentro da zona de servidume de protección de Costas.

2.- Visto o escrito presentado por **José Ramón Boo Pego**, de data 13/01/2017 (Rexistro de entrada nº 430), no que solicita información urbanística de parcela situada en Rúa Praia da Area (Aguíño).

A **Xunta de Goberno Local**, visto o informe técnico emitido ao respecto polo Arquitecto Municipal, Alberto Iglesias Fungueiriño, de data 20/01/2017, por unanimidade dos presentes, acorda informar ao solicitante como segue:

Vista a localización da finca de acordo cos datos facilitados polo solicitante, examinada a lexislación urbanística e o Plan Xeral de Ordenación Municipal de Riveira (PXOM) aprobado ao abeiro da Lei 1/1997 do Solo de Galicia, cómpre informar o seguinte:

1) A finca indicada no encabezamento atópase dentro da delimitación do solo clasificado como **solo urbano**, séndolle de aplicación íntegra o réxime do solo urbano establecido na Lei 2/2016, do Solo de Galicia e o disposto ó respecto pola Disposición Transitoria Primeira, apartado a) desta lei. En aplicación da citada D. T. seralle de aplicación a ordenación proposta polo planeamento xeral vixente.


2) Compróbase ademais que a finca de natureza urbana atópase dentro da clasificación de **solo urbano consolidado**, séndolle de aplicación a **ordenanza 6.2** do PXOM, regulado no artigo 156 do PXOM, e onde os parámetros mais significativos son os seguintes:

- .- Parcela mínima: 200 m².
- .- Fronte mínima: 10 m.
- .- Edificabilidade: 1,25 m²/m².
- .- Nº de alturas: B+ 1P+ Bc. e unha altura máxima de 6,50 m.
- .- Uso global: residencial extensivo e o característico; vivenda colectiva.

IX.- LICENZAS DE PRIMEIRA OCUPACIÓN.

Visto o expediente que se tramita a instancia de **Pablo Ayaso Sainz**, mediante escritos de datas 26/09/2016 e 19/01/2017, (Rexistros de entrada nº 12.371 e 780), nos que solicita licenza de primeira ocupación (expte. Nº 490/2016) para vivenda unifamiliar construída ao amparo da licenza nº 291/07, sita en Insuela s/n, Palmeira, Riveira.

A **Xunta de Goberno Local**, atendendo á documentación obrante no expediente e ao disposto no informe técnico do Arquitecto Municipal, Alberto





Iglesias Fungueiriño, de data 24/01/2017, e visto o informe xurídico con proposta de resolución do Secretario Xeral, Juan Manuel Salguero del Valle, de data 25/01/2017, por unanimidade dos presentes, **ACORDA:**

Primeiro.- CONCEDER a LICENZA DE PRIMERA OCUPACIÓN de vivenda unifamiliar emprazada en Insuela s/n, Palmeira (expte. Nº 490/2016) e do que é petionario D. Pablo Ayaso Sainz, titular da licenza de obras concedida pola Xunta de Goberno Local en data 12 de abril de 200 para a contrución dunha vivenda unifamiliar a emprazar no lugar de Insuela s/n (Palmeira), e de acordo co proxecto redactado polo arquitecto Miguel Martínez Castro.

Segundo.- Notificar a presente resolución ao interesado aos efectos oportunos.

X.- LICENZAS DE SEGREGACIÓN.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XI.- RESPONSABILIDADE PATRIMONIAL.

Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación


XII.- VAOS PERMANENTES.


Non se presenta ningún expediente para a súa aprobación

XIII.- OUTROS ESCRITOS E COMUNICACIÓNS.

1.- Visto o escrito remitido **Servizo de Recadación – Unidade Central Recadación Executiva da Deputación da Coruña**, de data 11/01/2017 (Rexistro de saída nº 502), rexistrado de entrada en data 17/01/2017 co nº 598, no que solicita a emisión de informe referido á previsible utilidade da adxudicación de bens a favor de ente acreedor. Expediente nº 2010EXP35004107.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** dar traslado ao Departamento de Tesourería para que proceda á emisión do informe solicitado pola Unidade Central Recadación Executiva da Deputación da Coruña, referido ao expediente nº 2010EXP35004107.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

2.- A Xunta de Goberno Local queda enteirada do escrito remitido pola **Dirección Xeral de Administración Local – Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza**, na que remite as executorias nº 21/16, 26/16, 30/16-2 e 56/16, para coñecemento e efectos oportunos.

3.- Visto o escrito presentado por **Antonio Miranda Blanco** en representación da **Asociación de Empresarios de Riveira**, de data 17/01/2017 (Rexistrado de entrada en data 20/01/2017 co nº 885) no que solicita informe previo do Concello de Riveira para poder desenvolver actividades no período do Entroido e Semana Santa, en relación coa ampliación dunha hora sobre os horarios límite de peche establecidos na Orde do 16/06/2005, pola que se determinan os horarios de apertura e peche de espectáculos e establecementos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:


Primeiro.- Informar que non encontra inconveniente en que se autorice a ampliación de horario de peche dunha hora dos establecementos de hostalería do Concello de Riveira no período do Entroido e Semana Santa, e en concreto os días 24, 25 e 27 de febreiro de 2017 e 12, 13, 14 e 15 de abril de 2017.

Segundo.- Dar traslado deste acordo aos efectos oportunos á Asociación de empresarios de Riveira e á Xefatura Territorial da Coruña da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

4.- Visto o escrito presentado por **Valentín Muñiz Pérez**, como Secretario-Administrador da **Comunidade de Propietarios Xeral Edificio Promiventa Praza Uxío Novoneyra de Rivera**, de data 17/01/2017 (Rexistro de entrada nº 628), no que solicita que se proceda á execución das obras nas plantas soto da citada comunidade de propietarios, según acordo de data 21/03/2016 presentado ante o xulgado do Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela no seno do Procedemento Ordinario 630/2013, e homologado por Auto 34/2016, de 21/03/2016.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** informar **Valentín Muñiz Pérez**, como Secretario-Administrador da **Comunidade de Propietarios Xeral Edificio Promiventa Praza Uxío Novoneyra de Rivera**, que este Concello se remite ao Auto nº 34/2016, de data 21/03/2016, ditado en Procedemento Ordinario 630/2013, seguido no Xulgado Contencioso-Administrativo nº 2 de Santiago de Compostela, polo que se establece que as obras de referencia deberán ser executadas pola empresa OVIGA, S.L. e non por este Concello.





SOLICITUDES DE SUBVENCIONS.

1.- Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Educación, M^a Herminia Pouso Maneiro**, de data 21/01/2016, en relación á Orde do 22/12/2016, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a concello de Galicia para a mellora das coleccións bibliográficas ás bibliotecas de titularidade municipal, integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia. (DOG núm. 5, do 09/01/2017).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Solicitar unha subvención ao abeiro da orde citada anteriormente para a mellora da colección bibliográfica na Biblioteca Pública Municipal de Riveira.

Segundo Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos recollidos na citada orde.

2.- Vista a proposta presentada pola **Concelleira Delegada de Educación, M^a Herminia Pouso Maneiro**, de data 21/01/2016, en relación á Orde do 19/12/2016, da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, pola que se establecen as bases da subvención a concello de Galicia para a dotación de novidades editoriais en galego ás bibliotecas de titularidade municipal, integradas na Rede de Bibliotecas de Galicia. (DOG núm. 4, do 05/01/2017).


A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Primeiro.- Solicitar unha subvención ao abeiro da orde citada anteriormente para a dotación de novidades editoriais en lingua galega á Biblioteca Pública Municipal de Riveira.

Segundo Aceptar as condicións de financiamento e demais requisitos recollidos na citada orde.

PRÓRROGA DO PRAZO DE XUSTIFICACIÓN PARA BENEFICIARIOS DE SUBVENCIONS DIRIXIDAS A ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO, LIÑA DE ANPAS E COLEXIOS, 2016

Visto o informe emitido pola **Comisión Avaliadora de Subvencións** dirixidas a entidades sen ánimo de lucro, exercicio 2016 na liña de ANPAS e colexios, de data 24/01/2017, no que solicita unha prórroga do prazo de xustificación para os beneficiarios de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro, na liña de ANPAS e colexios, 2016.





A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

Aprobar unha prórroga do prazo de xustificación para que os beneficiarios de subvencións dirixidas a entidades sen ánimo de lucro, na liña de ANPAs e colexios, 2016, presenten a documentación requirida nas bases que regulan a convocatoria, determinando o remate deste prazo o vindeiro 31 de marzo de 2017.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SENTENZA DE DATA 28/12/2016 DITADA POLO XULGADO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 NO PROCEDIMENTO ABREVIADO 554/2013.

Visto o asunto de referencia e tendo en conta os seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

Primeiro.- Na data 28/12/2016, o Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago de Compostela, dita sentenza no procedemento abreviado 554/2013 interposto por Dona M^a del Carmen Fernández López, contra a desestimación presunta da reclamación de responsabilidade patrimonial interposta polas lesións sufridas por mor dunha caída na Avenida Miguel Rodríguez Bautista debido ao mal estado dun sumidoiro (Expte 13/2012 RP).

A referida sentenza estima parcialmente o recurso presentado por dona M^a del Carmen Fernández López e declara a non conformidade a dereito da resolución recorrida, declarando o dereito da recorrente a recibir unha indemnización por importe de 500 euros, xunto cos xuros legais, sen costas procesuais.


Segundo.- Mediante oficio rexistrado de entrada na data 16/01/2017, co número 482, o Xulgado remite a sentenza mencionada que ten carácter de firme para que no prazo de 10 días se leve a efecto o nela acordado, adoptándose as resolucións procedentes para o cumprimento das declaracións contidas no fallo.

FUNDAMENTOS DE DEREITO

O artigo 103 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da Lei da xurisdición contencioso-administrativa, nos seus apartados 1º e 2º, dispón o seguinte: *"1. A potestade de facer executar as sentenzas e demais resolucións xudiciais corresponde exclusivamente aos Xulgados e Tribunais deste orde xurisdiccional, e o seu exercicio compete ao que coñecera do asunto en primeira ou única instancia. 2. As partes están obrigadas a cumprir as sentenzas na forma e termos que nestas se consignent."*

Polo exposto, a **Xunta de Goberno Local**, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido pola Técnico de Administración Xeral, maría Sieira Ríos, de data 23/01/2017, por unanimidade dos presentes **acorda**:





Primeiro.- Que se proceda ao cumprimento da citada sentenza co abono das cantidades referidas. Neste sentido, e de conformidade co contrato de seguro subscrito na data da caída que motivou a reclamación entre o Concello e a entidade aseguradora Mapfre España, Compañía de Seguros y Reaseguros, corresponde ao Concello o abono da cantidade de 500 €, que é a franquicia subscrita coa aseguradora na data que tivo lugar a caída (23/05/2011), xunto cos xuros legais.

Segundo.- Que se de traslado do acordo adoptado ao órgano municipal competente co fin de que, mediante a tramitación dun procedemento ao efecto, se poida exercitar a acción de repetición contra a entidade Viaqua, como concesionaria dos servizos públicos de abastecemento de auga potable e saneamento do Concello de Riveira, e tendo en conta que as lesións padecidas por dona M^a del Carmen Fernández López foron debidas a unha caída ocasionada ao pisar un sumidoiro en mal estado.

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN AO EXPEDIENTE ADMINISTRATIVO PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE POLICÍA LOCAL (FUNCIONARIO DE CARREIRA) EN DESENVOLVEMENTO DA OFERTA DE EMPREGO PÚBLICO DO ANO 2016.

En relación ao asunto de referencia e con base aos seguintes:

ANTECEDENTES DE FEITO

1º.- Por Decreto da Alcaldía de data 14/12/2016 resolveuse aprobar a Oferta de Emprego Público do Concello de Riveira para o ano 2016, que comprende as prazas vacantes dotadas no Orzamento da Corporación que non poden ser cubertas cos efectivos de persoal existentes, respectando as limitacións impostas pola Lei de Presupostos Xerais do Estado para 2016, co seguinte detalle:


Natureza	Código RPT	Grupo	Subgrupo	Escala	Subescala	Número vacantes	Denominación
Funcionario	07.01.00.30	C	C1	Admón. Especial	Servizos Especiais – clase policía local	1	Policía

A referida Oferta de Emprego Público foi publicada no Diario Oficial de Galicia número 242 do 21 de decembro de 2016 e no Boletín Oficial da Provincia número 239 do 20 de decembro de 2016.

2º.- Por Providencia de Alcaldía de data 10/01/2017, dispónse que se proceda á iniciación do procedemento administrativo para a provisión en propiedade dunha praza de policía local (funcionario de carreira), en desenvolvemento da OEP do Concello de Riveira para o ano 2016.

3º.- Na data 19/01/2017, e de conformidade co disposto no artigo 16 a) da Lei 4/2007 de coordinación de policía locais, en relación co artigo 6.3 do Decreto





243/2008, do 16 de outubro, remítese por correo electrónico á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior un borrador das bases reguladoras da convocatoria para a provisión en propiedade dunha praza de policía local.

4º.- Na data 20/01/2017, adiantase por correo electrónico o contido do informe emitido pola Dirección Xeral de Emerxencias e Interior sobre as bases antes referidas:

“Examinadas as bases da convocatoria do proceso selectivo para a cobertura dunha praza de Policía, considérase que son acordes coa Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais e a súa normativa de desenvolvemento, agás no seguinte:

- Requisitos das/dos aspirantes (3e): de acordo coa previsión recollida neste epígrafe e logo da incorporación do dereito comunitario a través do Real Decreto 1055/2015, do 20 de novembro, xa non é exixible o BTP.*

Ao anterior, cómpre sinalar o contido do artigo 35.4 da lei que establece unha reserva obrigada do 25% das prazas convocadas para persoal funcionario doutros corpos de policía local de Galicia, cuestión a verificar polo concello respecto de anteriores procesos selectivos, de ser o caso.


Este informe encádrase no marco competencial previsto no artigo 16 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, para o establecemento de medidas de control e seguimento necesarias para garantir que os concellos apliquen as normas de coordinación, sen prexuízo de calquera outro criterio fundado en dereito.”


LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.
- Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local.
- Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2016.
- Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.
- Decreto 243/2008, do 16 de outubro, polo que se desenvolve a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.
- Orde do 28 de xaneiro de 2009 pola que se determinan as probas de selección, temarios e baremos de méritos para o ingreso, promoción interna e mobilidade nos corpos de policía locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Primeira.- A selección do persoal funcionario e laboral debe realizarse mediante procedementos nos que se garantan os principios constitucionais de igualdade, mérito e capacidade, así como os establecidos a continuación: a) publicidade das convocatorias e das súas bases; b) transparencia; c) imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección; d) independencia e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección; e) adecuación






entre o contido dos procesos selectivos e as funcións e tarefas a desenvolver; f) axilidade, sen prexuízo da obxectividade, nos procesos de selección (artigo 55.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, no sucesivo TREBEP, e 49 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia).

No presente caso, trátase da cobertura en propiedade, dunha praza de policía local, en desenvolvemento da OEP do ano 2016, polo que cómpre ter en conta a normativa específica de aplicación, tal e como dispón o artigo 7 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia: *"1. O persoal funcionario ao servizo das entidades locais galegas réxese pola lexislación básica estatal que lle resulte aplicable e por esta lei, coas especialidades reguladas no seu título X. 2. O persoal dos corpos de policía local réxese, ademais de pola normativa mencionada na alínea anterior, pola lexislación xeral de forzas e corpos de seguridade e pola súa lexislación específica, a cal regulará as demais especialidades do seu réxime xurídico"*.

A normativa específica na Comunidade Autónoma de Galicia ven constituída pola Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais, recentemente modificada pola Lei 9/2016, do 8 de xullo, e demais normativa de desenvolvemento, tal e como o Decreto 243/2008, do 16 de outubro ou a Orde do 28 de xaneiro de 2009.

A este respecto, o artigo 32 da Lei 4/2007 dispón que: *"1. Os sistemas de selección para o acceso ás diferentes categorías dos corpos de Policía local serán acordados cos principios seguintes: a) Igualdade, con especial atención á igualdade de oportunidades entre mulleres e homes; b) Mérito e capacidade; c) Publicidade das convocatorias e das súas bases; c) Transparencia e obxectividade no desenvolvemento dos procesos selectivos e no funcionamento dos órganos de selección; e) Imparcialidade e profesionalidade dos membros dos órganos de selección; f) Independencia, confidencialidade e discrecionalidade técnica na actuación dos órganos de selección; g) Adecuación entre o contido dos procesos selectivos e as funcións ou tarefas que se van desenvolver; h) Eficacia, eficiencia e axilidade, sen prexuízo da obxectividade, no desenvolvemento dos procesos selectivos. 2. Os procesos selectivos iniciaranse mediante convocatoria pública. As bases da convocatoria, como mínimo, deben conter: a) O número de prazas, o subgrupo ou grupo de clasificación profesional, no suposto de que este non teña subgrupo, o corpo e, de ser o caso, a escala, ou a categoría laboral; b) As condicións e os requisitos que deben reunir as persoas aspirantes; c) O sistema selectivo aplicable, coa indicación do tipo de probas concretas e os sistemas de cualificación dos exercicios ou, de ser o caso, os baremos de puntuación dos méritos; d) O programa das probas selectivas ou a referencia da súa publicación oficial; e) A orde de actuación das persoas aspirantes; f) O réxime aplicable ao órgano de selección; g) As características, os efectos e a duración dos cursos e/ou do período de prácticas que deban realizar, de ser o caso, as persoas seleccionadas; h) A porcentaxe de prazas reservadas para a promoción interna e para persoas con discapacidade, de proceder. 3. As convocatorias e as súas bases publicaranse no boletín oficial da provincia, así como un anuncio delas no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial*






del Estado, en que aparecerá , en todo caso, o concello convocante, o número de prazas que se convocan, a escala e categoría a que pertencen, o sistema de acceso e unha cita dos boletíns oficiais en que figuren as bases correspondentes, que serán vinculantes para a Administración, os tribunais que avalíen as probas selectivas e as persoas participantes. 4. As probas selectivas para ingresar nas escalas e categorías dos corpos da Policía local de Galicia son de carácter teórico e práctico e poden incluír probas de capacidade física, psicotécnicas, médicas e de coñecementos, que se fixarán nas bases da convocatoria. Así mesmo, incluírase un exame de galego, agás para aquelas persoas que acrediten o coñecemento da lingua galega conforme a normativa vixente. 5. Por vía regulamentaria fixaranse os programas dos temarios para o ingreso na categoría de policía, os baremos dos concursos de méritos e os programas dos cursos selectivos que se desenvolvan na Academia Galega de Seguridade Pública. 6. Os concellos poderanlle solicitar á consellería competente en materia de seguridade a colaboración na realización das probas de selección para o ingreso, ascenso ou promoción aos corpos de Policía local na forma que regulamentariamente se estableza. 7. Así mesmo, a Xunta de Galicia poderá asumir a convocatoria das prazas vacantes e, de ser o caso, a formación e o período de prácticas naqueles concellos que así o acorden mediante os oportunos convenios de colaboración. 8. Pódense convocar procesos selectivos conxuntos para o ingreso en diversos corpos ou escalas do persoal funcionario.”

E o artigo 35 da referida lei recolle que: “1. O ingreso na categoría de policía realízase polo sistema de oposición libre. 2. O modo de ingreso por oposición libre require, ademais da superación das probas selectivas que estableza a convocatoria, aprobar un curso de formación na Academia Galega de Seguridade Pública e superar un período de prácticas. A avaliación do curso de formación e o período de prácticas debe restrinxirse aos méritos e ás capacidades profesionais. 3. Unha vez superadas as probas selectivas, o curso de formación e o período de prácticas, os aspirantes serán nomeados funcionarios de carreira da escala e categoría correspondente. 4. Así mesmo, para seren cubertas mediante concurso, reservárase, como mínimo, un vinte e cinco por cento das prazas convocadas para funcionarios doutros corpos da Policía local da Comunidade Autónoma. Estes funcionarios deberán ter unha categoría igual á da convocatoria e unha antigüidade mínima nela de tres anos.”

Enténdese que, neste expediente, cúmprese co disposto no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, na Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, e na Lei 4/2007 de coordinación de policía locais, así como coa súa normativa de desenvolvemento, de aplicación aos procesos selectivos para a provisión das prazas de policía local.

Segunda.- Cómpre, asemade, ter en conta o disposto no artigo 20 da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2016, e que dispón o seguinte: “Uno. 1. A lo largo del ejercicio 2016 únicamente se podrá proceder, en el Sector Público delimitado en el artículo anterior, (...), a la incorporación de nuevo personal con sujeción a los límites y requisitos establecidos en los apartados siguientes, salvo la que pueda derivarse de la ejecución de procesos selectivos correspondientes a Ofertas de Empleo Público de ejercicios anteriores o de





plazas de militares de Tropa y Marinería profesional necesarias para alcanzar los efectivos fijados en la Disposición adicional décima cuarta.

La limitación contenida en el párrafo anterior alcanza a las plazas incursas en los procesos de consolidación de empleo previstos en la Disposición transitoria cuarta del Estatuto Básico del Empleado Público.

2. Respetando, en todo caso, las disponibilidades presupuestarias del Capítulo I de los correspondientes presupuestos de gastos, en los siguientes sectores y administraciones la tasa de reposición de fijará hasta un máximo del 100 por ciento:

(...)


C) A las Fuerzas y Cuerpos de Seguridad del Estado, a los Cuerpos de Policía Autónoma de aquellas Comunidades Autónomas que cuenten con Cuerpos propios de dicha Policía en su territorio, y, en el ámbito de la Administración Local, al personal de la Policía Local, en relación con la cobertura de las correspondientes plazas de dicha Policía.


En el supuesto de las plazas correspondientes al personal de Policía Local, se podrá alcanzar en cien por cien de la tasa de reposición de efectivos siempre que se trate de Entidades Locales que cumplan o no superen los límites que fije la legislación reguladora de las Haciendas Locales o, en su caso, las Leyes de Presupuestos Generales del Estado, en materia de autorización de operaciones de endeudamiento. Además deberán cumplir el principio de estabilidad al que se refiere el artículo 11.4 de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera tanto en la liquidación del presupuesto del ejercicio inmediato anterior como en el presupuesto vigente. En relación con este último, la Entidad deberá adoptar un Acuerdo del Pleno u órgano competente en el que se solicite la reposición de las plazas vacantes y en el que se ponga de manifiesto que aplicando esta medida no se pone en riesgo el cumplimiento del objetivo de estabilidad presupuestaria. Lo indicado en el presente párrafo deberá ser acreditado por la correspondiente Entidad Local ante el Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas, previamente a la aprobación de la convocatoria de plazas.

(...)

Cinco. La validez de la autorización contenida en el apartado Uno.2 de este artículo estará condicionada a que las plazas resultantes de la aplicación de la tasa de reposición de efectivos definida en el apartado Uno.3, se incluyan en una Oferta de Empleo Público que, de conformidad con lo establecido en el apartado 2 del artículo 70 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público deberá ser aprobada por los respectivos órganos de Gobierno de las Administraciones Públicas y publicarse en el Boletín Oficial de la Comunidad Autónoma o, en su caso, del Estado, antes de la finalización del año 2016.

La validez de la autorización contenida en el apartado Uno.2 de este artículo estará igualmente condicionada a que la convocatoria de las plazas se efectúe, mediante publicación de la misma en el Diario Oficial de la Comunidad Autónoma o, en su caso, del Estado, en el plazo improrrogable de tres años, a contar desde la fecha de la publicación de la Oferta de Empleo Público en la que se incluyan las citadas plazas, con los requisitos establecidos en el párrafo anterior, de conformidad





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

con lo dispuesto en el apartado 1 del artículo 70 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público. (...)

Neste sentido, tamén se entende que, neste expediente, cúmprese co disposto no artigo 20 da Lei 48/2015, do 29 de outubro, de Presupostos Xerais do Estado para o ano 2016, xa que a Oferta de Emprego Público para o ano 2016 foi aprobada por Decreto da Alcaldía de data 14/12/2016, previo informe favorable do Ministerio de Facenda e Función Pública de data 23/11/2016, e publicada no Diario Oficial de Galicia número 242 do 21/12/2016, isto é, antes da finalización do ano 2016.

Terceira.- O órgano municipal competente para a aprobación das bases das probas para a selección do persoal é o alcalde, segundo o disposto no artigo 21.1 g) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, competencia que no Concello de Riveira está delegada na Xunta de Goberno Local, de conformidade co Decreto de delegación de competencias asinado pola Alcaldía na data 01/07/2015.

Por todo isto, a **Xunta de Goberno Local**, visto o informe xurídico con proposta de resolución emitido ao respecto pola Técnico de Administración Xeral, María Sieira Ríos, de data 23/01/2017, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

Primeiro.- Aprobar as bases que a continuación se transcriben para a provisión en propiedade dunha praza de Policía local (funcionario de carreira) en desenvolvemento da Oferta de Emprego Público do ano 2016.


Segundo.- Ordenar a publicación das citadas Bases no "*Boletín Oficial da Provincia*" de conformidade co disposto nos artigos 97 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local e 204.4 da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, publicándose o anuncio da súa convocatoria no *Boletín Oficial do Estado* e no *Diario Oficial de Galicia*.


Terceiro.- Dar conta da aprobación das presentes Bases aos representantes sindicais de persoal.

Cuarto.- Remitir o acordo de aprobación das presentes bases á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza da Xunta de Galicia, en aplicación do artigo 16 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais.

BASES DA CONVOCATORIA PARA A PROVISIÓN EN PROPIEDAD DUNHA PRAZA DE POLICÍA LOCAL (FUNCIONARIO DE CARREIRA).

A presente convocatoria constitúe o desenvolvemento da Oferta de Emprego Público deste Concello para o ano 2016, aprobada por Decreto da Alcaldía de data 14/12/2016, previa autorización do Ministerio de Facenda e Función Pública e publicada no DOG número 242 do 21/12/2016 e no BOP da Coruña número 239 do 20/12/2016, e réxese polas seguintes normas:





1ª.- NÚMERO, DENOMINACIÓN E CARACTERÍSTICAS.

Unha praza de policía, pertencente ó cadro de persoal de funcionarios de carreira, encadrada na escala de Administración Especial, subescala de servizos especiais, escala básica, categoría policía, grupo "C1".

As retribucións básicas, complementarias e extraordinarias que corresponden ó posto de traballo, por tódolos conceptos, son as que figuran no orzamento municipal aprobado para o actual exercicio económico, coas actualizacións que procedan para as seguintes anualidades, no seu caso.

2ª.- SISTEMA DE PROVISIÓN.


Oposición en quenda libre.


3ª.- REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES:

- a) Posuír a nacionalidade española.
- b) Superar os 18 anos de idade.
- c) Posuír unha estatura mínima de 1,65 metros os homes e 1,60 metros as mulleres.
- d) Estar en posesión do título de Bacharelato, técnico de formación profesional ou calquera outro equivalente, segundo as disposicións educativas sobre a materia. Así mesmo, e aos únicos efectos de acceso a empregos públicos, a superación das probas de acceso á Universidade para maiores de 25 anos, homologadas polo órgano competente, considerarase equivalente á obtención do título de Bacharel, sempre que se acredite algún dos requisitos establecidos no artigo 4.3 da Orde EDU/1603/2009, do 10 de xuño.
- e) Ser titular dos permisos de conducir das clases A2 e B na data en que remate o prazo de presentación de solicitudes comprometéndose, mediante declaración, a mantelos vixentes mentres permanezan en situación de servizo activo no Corpo da Policía Local.
- f) Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme. Será aplicable, non obstante, o beneficio da rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.
- g) Compromiso por escrito de portar armas durante o servizo e, se é o caso, chegar a utilizalas nos casos e circunstancias legalmente establecidas, que o aspirante presentará en forma de declaración xurada.
- h) Certificado médico expedido en impreso oficial e asinado por colexiado en exercicio e, que non superará un máximo de tres meses desde a súa expedición, no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias para a realización das probas físicas que figuran nestas bases, o que non excluírá as comprobacións posteriores do que se reflicte no certificado médico.

O certificado axustarase ao seguinte modelo: *"Don/donareúne as condicións físicas e sanitarias necesarias e suficientes para a realización das probas de aptitude física esixidas no Anexo III da Convocatoria para a provisión en propiedade dunha praza de Policía Local do Concello de Riveira."*

Todos estes requisitos deberán acreditarlos na data en que remate o prazo de presentación de instancias da convocatoria correspondente.





4ª.- DEREITOS DE EXAME.

As persoas aspirantes deberán ingresar a cantidade de 16,23 euros, de conformidade co disposto no artigo 6, epígrafe 5 da Ordenanza Fiscal reguladora da taxa pola expedición de documentos administrativos. O dito importe poderase facer efectivo ben mediante autoliquidación na Oficina de Atención Cidadá sita na planta baixa da Casa Consistorial (horario de atención ao público de luns a venres de 9:30 a 13:30 horas), ou ben mediante ingreso na seguinte conta municipal (cos datos persoais do aspirante e praza á que opta), número de conta de BBVA: ES54-0182-5820-13-0000002454, e será devolto unicamente non caso de que o/a aspirante non sexa admitido/a ó proceso selectivo por falta dos requisitos esixidos para participar no mesmo ou por presentala solicitude fóra de prazo. En ningún caso a presentación e pago da taxa por dereito de exame suporá a substitución do trámite de presentación da instancia.

5ª.- PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As solicitudes para tomar parte neste proceso selectivo faranse mediante instancia dirixida ao señor Alcalde, en modelo que se engade como ANEXO I, nas que se fará constar que se reúnen todos e cada un dos requisitos establecidos na Base Terceira desta Convocatoria.


As ditas solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello (de luns a venres de 9:30 a 13:30 horas) durante o prazo de VINTE DÍAS NATURAIS, que se iniciará o día seguinte ó da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial do Estado. Tamén se poderán presentar na forma que determina o artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; neste caso, os aspirantes deberán comunicalo ao Concello mediante telefax durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias (número de fax do Concello: 981 871610), ou ben mediante correo electrónico enviando un e-mail á dirección maria.sieira.rios@riveira.com, co fin de que, rematado o prazo de presentación de instancias, sen telas recibido, se pospoña a elaboración da relación de admitidos/as e excluídos/as provisional ata recibir a documentación remitida polo/a aspirante.


Se conforme a ese precepto se presentan a través das oficinas de correos, deberá aparecer o selo na propia solicitude. Doutro modo, a data de anotación no Rexistro Xeral será a que se teña en conta a tódolos efectos.

Xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo os aspirantes deberán achegar, inescusablemente, a seguinte documentación:

- Fotocopia compulsada do DNI.
- Fotocopia compulsada do título académico esixido na convocatoria.
- Xustificante do ingreso dos dereitos de exame.
- Fotocopia compulsada dos permisos de condución que constitúen requisitos de participación, así como declaración xurada comprometéndose a mantelos vixentes mentres se permaneza en situación de servizo activo, como funcionario de carreira, no Corpo da Policía Local.
- Certificado médico no que se faga constar expresamente que o aspirante reúne as condicións físicas e sanitarias necesarias para a realización das probas físicas que se especifican no Anexo III. O certificado deberá axustarse ao modelo descrito na Base Terceira, letra h), e deberá presentarse o documento orixinal, non admitíndose fotocopia do mesmo.

Declaración xurada do compromiso de portar armas e, de ser o caso, de chegar a utilizalas.





CONCELLO
DE
RIVEIRA

(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

- g) Certificado favorable do Rexistro central de penados e declaración xurada de non ter sido separado do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial firme.
- h) Fotocopia compulsada do título que exige a realización da proba de lingua galega.

Para que teñan validez neste proceso selectivo, os documentos que se presenten deberán estar expedidos nalgunha das linguas oficiais na Comunidade Autónoma de Galicia (galego ou castelán). No caso de se tratar de documentos expedidos noutras Comunidades Autónomas do Estado Español, para que teñan validez deberán estar redactados na lingua castelá ou traducidos polo organismo competente da respectiva comunidade, debidamente validados e apostilados polo organismo competente.

Coa presentación da instancia para tomar parte no proceso selectivo entenderase que os interesados aceptan e acatan todas e cada unha das Bases desta convocatoria.

6ª.- PUBLICIDADE, PRESENTACIÓN, NOTIFICACIÓNS E COMUNICACIÓNS.

A convocatoria correspondente as presentes bases, efectuarase a través de anuncios no BOP, DOG e BOE, conxuntamente coa súa publicación na páxina web e no taboleiro de anuncios do Concello. As demais comunicacións que deban efectuarse o serán a través do BOP, páxina web e taboleiro de anuncios. As relativas a resolución ou actos do Tribunal faranse públicas a través da páxina web e taboleiro de anuncios. A presentación de instancias faranse a través do rexistro municipal, ou a través de calquera dos xeitos admitidos na lexislación xeral de procedemento administrativo, tal e como se especifica na Base Quinta desta Convocatoria.

As publicacións na páxina web do Concello faranse a título informativo e complementario, e non terán validez a efectos de cómputo de prazos e a información de carácter persoal contida na mesma será posible baixo a consideración de que os aspirantes, coa sinatura da instancia solicitando participar no proceso selectivo, se someten e aceptan todo o clausulado establecido na presente convocatoria e bases reguladoras. Os restantes usos dos datos persoais contados nas solicitudes serán de carácter interno e uso restrinxido.


7ª.- ADMISIÓN DOS ASPIRANTES.


Unha vez rematado o prazo de presentación de instancias, a Alcaldía ditará Resolución no prazo máximo dun mes, declarando aprobada a lista provisional de aspirantes admitidos e excluídos, con indicación, se é o caso, das causas de exclusión. Na lista deberán constar, en todo caso, os apelidos, nome e número de documento nacional de identidade. Esta resolución publicarase no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello. Así mesmo, e sempre que sexa posible, poderá publicarse, a título informativo e complementario, na Web Oficial do Concello (www.riveira.es), no apartado "*taboleiro de anuncios*".

Os aspirantes excluídos dispoñen dun prazo de 10 días hábiles, contado desde o seguinte ó da publicación da antedita resolución no Boletín Oficial da Provincia, para poderen emendar, de ser o caso, o defecto que motivou a exclusión e presentar nova documentación.

Posteriormente, o Alcalde declarará aprobada a lista definitiva de admitidos e excluídos, que se publicará no Boletín Oficial da Provincia, e no taboleiro de anuncios do Concello. Así mesmo, e sempre que sexa posible, poderá publicarse, a título informativo e complementario, na Web Oficial do Concello (www.riveira.es), no apartado "*taboleiro de anuncios*".

Na mesma resolución, o Alcalde determinará o lugar, data e hora do comezo do proceso selectivo, así como a composición do órgano de selección.





8ª.- COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL.

Os membros do Tribunal Cualificador serán designados polo Alcalde segundo o disposto no artigo 60 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público e en atención ó principio de imparcialidade e profesionalidade dos seus membros.

Estará constituído por cinco persoas titulares e cinco suplentes, presidente/a, tres vogais e secretario/a.

Os membros do Tribunal Cualificador deben pertencer a un corpo, escala ou categoría profesional para o ingreso no cal se requira unha titulación de nivel igual ou superior ao esixido para participar no proceso selectivo.

Deberá tenderse na súa composición, á paridade entre home e muller.

Non poderán formar parte do Tribunal o persoal de elección ou de designación política, o persoal interino ou o persoal laboral temporal e o persoal eventual, nin tampouco as persoas que nos cinco anos anteriores á publicación da convocatoria realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas ou colaborasen durante ese período con centros de preparación de opositores.

A pertenza ao mesmo será sempre a título individual, sen que se poida desempeñar esta en representación ou por conta de ninguén.

O Tribunal de selección poderá dispoñer a incorporación de asesores especialistas, para todas ou algunhas das probas, que colaborarán co órgano de selección exclusivamente no exercicio das súas especialidades técnicas sen que sexan integrantes do tribunal, correspondéndolle o asesoramento e ilustración do parecer dos seus membros.

A súa composición farase pública na mesma resolución da Alcaldía pola que se aproba a lista definitiva de aspirantes admitidos e excluídos.

Os membros do Tribunal deberán absterse de intervir, notificándoo á autoridade convocante, cando concorra algunha das circunstancias previstas nos artigos 23 e 24 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sétor Público.

Igualmente, os aspirantes poderán recusar aos membros do Tribunal cando concorra algunha das circunstancias a que se refire o parágrafo anterior.

O Tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros (sexan titulares ou suplentes indistintamente). En todo caso, será precisa a asistencia do Presidente e do Secretario.

Todos os membros do Tribunal Cualificador que se designen para xulgar as respectivas probas selectivas actuarán con voz e voto.

As decisións do Tribunal Cualificador adoptaranse por maioría de votos dos membros presentes, resolvendo, en caso de empate, o voto de calidade do seu Presidente.


O Tribunal Cualificador queda autorizado para resolver as dúbidas que se presenten e para tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo, en todo o non previsto nestas Bases.


Ós efectos de percepción de dietas por asistencias por parte dos membros concorrentes ás sesións que celebre o Tribunal Cualificador, estarase ao disposto nos artigos 29 e seguintes do Real Decreto 462/2002, do 24 de maio, sobre indemnizacións por razón do servizo.

9ª.- REALIZACIÓN DAS PROBAS.

As probas da presente convocatoria que se determinan na base 11ª, faranse na orde nela establecida.

A orde de actuación dos aspirantes nas distintas probas selectivas virá determinada pola resolución que ao respecto dite a Consellería de Facenda, pola que se fai público o





resultado do sorteo ao cal se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Entre o remate dunha proba e a realización da outra deberá transcorrer como mínimo 48 horas.

Os horarios serán determinados polo Tribunal e non se celebrarán en días festivos, podendo ser en horario de mañá ou tarde.

10ª.- OBRIGA DOS ASPIRANTES DE CONCORRER ÁS PROBAS.

De conformidade co artigo 12 do Decreto 243/2008, os aspirantes deberán acudir ás probas nas horas e datas dos respectivos chamamentos, sen posibilidade de aprazamento calquera que fose a causa que lles impida acudir, agás que a escusa sexa posible por ter amparo nun precepto legal así como o suposto que se describe a continuación.

Nos casos de aspirantes embarazadas, ou en período de parto ou postparto, debidamente acreditados, poderase aprazar para as aspirantes nas que concorra a devandita circunstancia ata seis meses o desenvolvemento das probas físicas que lles correspondese realizar, prazo que podería prorrogarse como máximo outros seis meses en caso xustificado. Este aprazamento das probas físicas non afectará por si só ao resto das probas.

En calquera caso, se dará por superado o proceso selectivo aqueles aspirantes que obtivesen unha puntuación final que non puidese ser alcanzada, aínda coa obtención da máxima puntuación posible nas probas físicas aprazadas, polas aspirantes que se acollesen ao dereito de aprazamento.


As presentes bases establecen que as mulleres embarazadas que prevexan que polas circunstancias derivadas do seu avanzado estado de xestación e previsión de parto, ou eventualmente os primeiros días despois do parto, a súa coincidencia coas datas de realización de calquera dos exames ou probas previstos no proceso selectivo poderán poñelo en coñecemento do tribunal, achegando á comunicación o correspondente informe médico oficial. A comunicación deberá realizarse con tempo abondo e o tribunal determinará con base na información de que dispoña, se procede ou non realizar a proba nun lugar alternativo ou ben un aprazamento da proba, ou ben ambas as dúas medidas conxuntamente.

En ningún caso as probas de recoñecemento médico estimaran como circunstancias negativas para os efectos do proceso selectivo, calquera que fose derivada da situación de embarazo e lactación. Á solicitude da muller que acredite atoparse nestas circunstancias, os tribunais poderán determinar que estas probas se realicen en calquera outra fase ou momento do proceso selectivo. Tamén o tribunal poderá sinalar razoadamente de oficio, oída a afectada, unha data apropiada segundo as condicións da muller que se atope nestas circunstancias.

11ª.- CONTIDO DO PROCESO SELECTIVO, FORMA DE DESENVOLVEMENTO E SISTEMA DE CUALIFICACIÓN.

O procedemento de selección constará de cinco exercicios, obrigatorios e eliminatorios cada un deles, de xeito que non poderán pasar ó seguinte os aspirantes que non tivesen alcanzado a cualificación mínima establecida para cada un deles e pola orde que se sinala a continuación, tendo en conta que desde a finalización dunha proba ata o comezo da seguinte deberá transcorrer un prazo mínimo de corenta e oito horas.

Primeiro exercicio.- Proba de coñecementos:





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)

Declarado Municipio Turístico Galego

A proba de avaliación dos coñecementos dos aspirantes deberá amosar a súa preparación intelectual e o dominio dos contidos do temario que se inclúe no Anexo II destas bases.

Consistirá na contestación por escrito dun cuestionario de 100 preguntas tipo test, con 4 alternativas de resposta cada unha, que serán propostas polo tribunal. Os aspirantes disporán dun tempo máximo de dúas horas para a súa realización.

A proba cualificarase polo tribunal de cero a dez puntos, sendo preciso acadar cinco puntos como mínimo. A cualificación farase atendendo a seguinte fórmula:

$$N = (A-F/3)/10$$

Sendo N=Nota final da proba; A=Preguntas acertadas; F=Preguntas falladas ou non respondidas.

Segundo exercicio: Proba de coñecemento da lingua galega:

A proba de coñecemento da lingua galega estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, para estes efectos deberán realizar con carácter obrigatorio e eliminatorio a seguinte proba. Constará de dúas partes: na primeira os/as aspirantes deberán redactar en galego durante un tempo máximo de corenta e cinco minutos un documento propio das funcións da praza que se convoca; valorándose os aspectos lingüísticos e adaptación aos criterios de modernización de linguaxe administrativa. Na segunda parte, de carácter oral, consistirá en manter unha charla en galego cunha duración máxima de dez minutos, na que se falará do documento obxecto da primeira parte deste exercicio e só se valorarán os aspectos citados, admitíndose as variantes dialectais. Para o obxecto de garantir a posibilidade de revisión da proba oral, gravarase en cinta magnética sempre que o aspirantes non renuncie expresamente a este dereito.

Esta proba será cualificada como "APTO/A" ou "NON APTO/A".

Para esta proba o tribunal poderá asesorarse con persoal especializado.

Quedarán exentas da realización desta proba aquelas persoas que acrediten estar en posesión do CELGA 4 ou equivalente.

Terceiro exercicio.- Probas de actitude física:

Irán dirixidas á comprobación das capacidades de forza, resistencia, axilidade, flexibilidade e velocidade dos aspirantes.

Previo comprobación da estatura dos aspirantes, consistirá en realizar tódalas probas físicas que se indican no ANEXO III. A non superación de calquera das probas na forma indicada dará lugar á eliminación do candidato.

As probas de aptitude física terán a cualificación de APTO/A ou NON APTO/A.

Cuarto exercicio.- Probas psicotécnicas:


Estas probas están dirixidas a determinar as actitudes e aptitudes persoais dos aspirantes e a súa adecuación ás funcións policiais que deberán desempeñar, comprobando que presentan un perfil psicológico axeitado. Terán que efectuarse e valorarse por persoal especialista.

A cualificación global será de APTO/A ou NON APTO/A.

A) Proba de intelixencia.

Realizarase unha valoración do nivel intelectual e doutras aptitudes específicas, explorando todos ou varios dos aspectos seguintes: intelixencia xeral, comprensión e fluidez verbal, comprensión de ordes, razoamento cognitivo, atención discriminativa e resistencia á fatiga intelectual.

B) Probas de personalidade.





As probas de personalidade orientaranse a avaliar os trazos da personalidade máis significativos e relevantes para o desempeño da función policial, así como o grao de adaptación persoal e social dos aspirantes. Así mesmo, deberá descartarse a existencia de síntomas ou trastornos psicopatolóxicos e/ou da personalidade.

Exploraranse os aspectos que a continuación se relacionan: estabilidade emocional, autoconfianza, capacidade empática e interese polo demais, habilidades interpersoais, control axeitado da impulsividade, axuste persoal e social, capacidade de adaptación a normas, capacidade de afrontamento do estrés e motivación polo traballo policial.

Os resultados obtidos nas probas deberán ser obxecto de contraste mediante a realización dunha proba individual, que consistirá na contestación a un cuestionario, formulado verbalmente, coa finalidade de valorar tamén o estado psicolóxico actual dos candidatos. Deste modo, á parte das características de personalidade sinaladas anteriormente, exploraranse ademais, os seguintes aspectos: existencia de niveis disfuncionais de estrés ou de trastornos do estado de ánimo; problemas de saúde; consumo excesivo ou de risco de alcohol ou outros tóxicos e grao de medicación; expectativas respecto da función policial.

Quinto exercicio.- Recoñecemento médico.

O recoñecemento médico será efectuado por facultativos especialistas e o seu fin é garantir que os/as aspirantes estean en condicións idóneas para o exercicio das funcións policiais propias do posto de traballo.

Cualificarase como APTO/A ou NON APTO/A.

Para os efectos da exclusión do/a aspirante, terase en conta o seguinte:

1. Obesidade – Delgadeza.

Obesidade ou delgadeza manifestas que dificulten ou incapaciten para o exercicio das funcións propias do cargo.

Índice de Masa Corporal (IMC) non inferior a 18,5 nin superior a 29,9. Considerando o IMC como a relación resultante de dividir o peso da persoa expresado en quilos polo cadrado da estatura expresada en metros.

2. Calquera enfermidade, padecemento ou alteración de carácter físico, psíquico ou sensorial, que, a xuízo dos facultativos médicos, impida, limite ou dificulte o exercicio das funcións policiais.


Para os diagnósticos establecidos neste anexo teranse en conta os criterios das sociedades médicas das especialidades correspondentes.

As exclusións garantíranse coas probas complementarias necesarias para o diagnóstico.

12ª.- CUALIFICACIÓN FINAL.

A orde de prelación dos aspirantes que superen o proceso selectivo efectuarase de acordo coa suma das puntuacións obtidas na fase de oposición, non podendo superar o proceso selectivo un número superior ao de prazas convocadas.

No suposto de empate na puntuación final do proceso selectivo de dous ou mais aspirantes se fosen de distinto sexo e tendo en conta o dato obxectivo de que no Corpo, Escala e Categoría do posto a cubrir neste proceso selectivo existe infrarrepresentación do sexo feminino, de acordo co artigo 49 do Decreto legislativo 2/2016, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, resolverase a favor das mulleres. Sendo do mesmo sexo resolverase tendo en conta o menor tempo acadado na proba de velocidade, carreira de 50





metros lisos, apartado A.1.1. das probas físicas, e si isto non fose posible, polo menor tempo acadado na proba A.1.4. de resistencia xeral, carreira de 1.000 metros lisos, apartado A.1.4. das probas físicas.

De persistir o empate resolverase por sorteo, do que se levantará a correspondente acta.

13ª.- RELACIÓN DE APROBADOS.

Rematado o proceso selectivo, o tribunal proporá ao órgano convocante e fará pública a relación de aprobados, por orde decrecente de puntuación, cuxo número máximo deberá coincidir co de prazas convocadas.

O tribunal elaborará, tamén por orde decrecente de puntuación, unha lista de reserva, cun número de aspirantes que será como máximo igual ao de aprobados, en que figurarán aqueles aspirantes que, aínda que superen o proceso selectivo, non resulten aprobados por obter unha puntuación de ordinal inferior ao número de prazas convocadas.

No caso de renuncia, falecemento, falta de xustificación dos requisitos para o nomeamento, incapacidade absoluta sobrevida, ou outros supostos en que o aspirante aprobado non chegue a tomar posesión, e sempre con anterioridade ao desenvolvemento do curso correspondente, o órgano convocante, ao abeiro do disposto no artigo 61.8 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, deberá substituílo polo seguinte na orde de puntuación da lista complementaria de reserva, segundo a orde de puntuación acadado.

14ª.- PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS.

O/A aspirante proposto/a presentará na Secretaría Xeral do Concello, no prazo de 10 días naturais (contado a partir da publicación do resultado da selección) os documentos que acrediten que cumpren todos e cada un dos requisitos esixidos na Base 3ª desta convocatoria, no caso de que non foran xa presentados xunto coa solicitude para tomar parte neste proceso selectivo.

Se o aspirante proposto tivera a condición de funcionario público ou de traballador laboral fixo ó servizo de calquera das Administracións Públicas, estará exento de xustificar documentalmente as condicións ou requisitos xa demostrados para obte-lo seu anterior nomeamento, debendo, neste caso, presentar certificado do Organismo do que dependa, acreditando a súa condición e cantas circunstancias consten na súa folla de servizos.


Se dentro do prazo indicado, salvo casos de forza maior, o aspirante proposto non presentara a súa documentación ou non acreditara reunir os requisitos esixidos, non se poderá proceder ó seu nomeamento, quedando anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades en que puideran ter incorrido por falsidade na instancia ou na documentación presentada para tomar parte neste proceso selectivo.

15ª.- NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS EN PRÁCTICAS.

O/A aspirante que supere a fase de oposición, e o cumprimento dos demais requisitos esixidos, será nomeado funcionario/a en prácticas, e percibirá con cargo á Corporación, as retribucións correspondentes.

Así mesmo, para poder ser nomeado/a policía e, de conformidade co disposto no artigo 36 da Lei 4/2007 do 20 de abril de coordinación das policía locais e o artigo 16 do Decreto 243/2008 do 16 de outubro, será requisito indispensable para acceder á condición de persoal funcionario de carreira na categoría correspondente, a superación dun curso selectivo de formación teórico-práctico na Academia Galega de Seguridade Pública (AGASP). Só estarán dispensadas de realizar o devandito curso aquelas persoas que xa o superasen con anterioridade na Academia Galega de Seguridade Pública.





No caso da non incorporación ao curso ou de abandono deste sen rematalo, salvo por causas excepcionais considerase que o aspirante non superou o proceso selectivo.

O alumnado que non supere o curso teórico-práctico na Academia, incluídas as probas de carácter extraordinario perderá todos os dereitos alcanzados no proceso selectivo.

Durante o período de prácticas os/as alumnos/as non poderán desfrutar vacacións ou permisos, salvo os que lle correspondan polas libranzas do servizo que estean desenvolvendo. Os días de vacacións que corresponden tanto ao curso teórico como ao período de prácticas, desfrutaranse ao remate de ambos os dous, aínda no caso, de que este feito se producise no seguinte ano do comezo do curso.

16ª.- NOMEAMENTO DE FUNCIONARIOS DE CARREIRA E TOMA DE POSESIÓN.

Unha vez superadas as probas selectivas, o curso de formación e o período de prácticas, o/a aspirante será nomeado/a funcionario/a de carreira, nomeamento que será publicado no diario oficial correspondente.

A toma de posesión como funcionario/a de carreira terá lugar dentro do prazo dun mes a partir da publicación do nomeamento.

Previamente á toma de posesión, e de conformidade co disposto no artigo 60 d) da Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, o/a aspirante nomeado deberá cumprir o requisito de acto de acatamento da Constitución, do Estatuto de Autonomía de Galicia e do resto do ordenamento xurídico, así como de compromiso de exercer con imparcialidade as súas funcións.

O/A funcionario/a estará obrigado/a a prestar a súa xornada de traballo na medida e forma requiridas polo interese e necesidades do servizo, con horario de mañá, tarde, noite ou fraccionando a xornada se fora preciso, de acordo coa lexislación de aplicación.

17ª.- NORMAS FINAIS


Primeira.- Para todo o non previsto nestas Bases, ou naquilo que as contradigan, será de aplicación supletoria o establecido no Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do estatuto básico do empregado público, Lei reguladora das bases de réxime local, Lei de administración local de Galicia, Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia, Lei 4/2007, do 20 de abril de coordinación de policía locais, Decreto 243/2008 do 16 de outubro, de desenvolvemento da Lei 4/2007 e demais lexislación vixente que sexa de aplicación.


Segunda.- Todos os actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados nos casos e na forma establecidos pola Lei de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e normas vixentes concordantes.

A presentación de reclamacións non suspenderá a prosecución do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

Terceira.- Contra as presentes Bases a a resolución que as aproba, que pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO ante o Xulgado Contencioso Administrativo de Santiago de Compostela, no prazo de dous meses (contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria).

Con carácter potestativo e previo poderá interpoñer RECURSO DE REPOSICIÓN ante o mesmo órgano que adoptou o acordo de aprobación, no prazo de un mes (contado desde o día seguinte ó da publicación da convocatoria). Neste caso non se poderá interpoñer o recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto. Neste último suposto, o prazo para a interposición do recurso contencioso-administrativo será de seis meses contado





TEMA 20.- A actividade da Policía Local como policía administrativa II: Urbanismo. Infraccións e sancións. A protección ambiental: prevención e calidade ambiental, residuos e disciplina ambiental.

TEMA 21.- A Lei de Emerxencias de Galicia: aspectos fundamentais.

TEMA 22.- Delitos e faltas. Circunstancias modificativas da responsabilidade criminal. Persoas responsables: autores e cómplices. Graos de perfección do delito.

TEMA 23.- Delitos cometidos con ocasión do exercicio dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas garantidos pola Constitución. Delitos cometidos polos funcionarios públicos contra as garantías constitucionais.

TEMA 24.- Delitos contra a Administración Pública. Atentados contra a autoridade e os seus axentes. Desordes públicas.

TEMA 25.- Homicidio e as súas formas. Faltas contra as persoas. Delitos e faltas contra o patrimonio e a orde socioeconómica.

TEMA 26.- Delitos contra a seguridade viaria. Faltas cometidas con ocasión da circulación de vehículos a motor. Lesións e danos imprudentes.

TEMA 27.- O atestado policial na Lei de axuízamento criminal. Concepto e estrutura.

TEMA 28.- Detención: concepto, clases e supostos. Prazos de detención. Obrigas do funcionario que efectúa unha detención. Contido da asistencia letrada. Dereito do detido. Responsabilidades penais nas que pode incorrer o funcionario que efectúa unha detención. O procedemento de *habeas corpus*.

TEMA 29.- Lei de seguridade viaria. Regulamentos de desenvolvemento. Estrutura e conceptos xerais.

TEMA 30.- Normas xerais de circulación: lugar na vía, velocidade, prioridade de paso, cambios de dirección e sentido. Adiantamentos. Parada e estacionamento. Vehículos e transportes especiais. Cinto e casco de seguridade.


TEMA 31.- Circulación por zonas peonís. Comportamento en caso de emerxencia. Sinais de circulación. Clasificación e orde de prioridade.

TEMA 32.- Procedemento sancionador por infraccións á normativa de circulación. Actuacións complementarias. Inmobilización e retirada de vehículos da vía pública. Carencia do seguro obrigatorio.

TEMA 33.- Accidentes de circulación: definición, tipos e actuacións da policía local. Alcholemia. Datos. A súa consideración segundo a normativa vixente. Procedemento de indagación do grao de impregnación alcohólica.

TEMA 34.- Estrutura económica e social de Galicia: demografía, economía, servizos públicos, sociedade civil, novas tecnoloxías, patrimonio ecolóxico, social e cultural.

TEMA 35.- Vida en sociedade. Proceso de socialización. Formación de grupos sociais e masas. Procesos de exclusión e inclusión social. A delincuencia: tipoloxías e modelos explicativos.





TEMA 36.- Comunicación: elementos, redes, fluxos, obstáculos. Comunicación con superiores e compañeiros. Equipos de traballo e atención á cidadanía.

TEMA 37.- Minorías étnicas e culturais. Racismo e xenofobia. Actitude policial ante a sociedade intercultural.

TEMA 38.- Igualdade de oportunidades de homes e mulleres en Galicia: conceptos básicos; socialización e igualdade; políticas públicas de igualdade de xénero. Violencia contra as mulleres: descrición, plans de erradicación e atención coordinada ás vítimas.

TEMA 39.- A Policía na sociedade democrática. O mandato constitucional. Valores que propugna a sociedade democrática. A dignidade da persoa. Sentido ético da prevención e a represión.

TEMA 40.- Deontoloxía policial. Normas que a establecen. A policía como servizo público.

ANEXO III: PROBAS FÍSICAS.

A.1.- Comprobación da estatura e probas físicas.

Comprobación da estatura.

Antes de comezar as probas físicas efectuarase o control da estatura dos/as aspirantes, quedando eliminados/as os/as que non acaden a estatura mínima de 1,65 metros para os homes e 1,60 metros para as mulleres.

Probas físicas.

As probas de aptitude física terán a cualificación de "APTO/A" ou "NON APTO/A". Para obter a cualificación de "apto/a" é necesario non superar as marcas establecidas como máximas para as probas A.1.1, A.1.4 e A.1.5, e alcanzar ou superar os mínimos das probas A.1.2 e A.1.3. Os exercicios realizaranse pola orde en que están relacionados e cada un é eliminatorio para realizar o seguinte.

Establécense diferentes marcas para cada sexo. As probas realizaranse de forma individual, agás as de velocidade, resistencia xeral e natación que poderán facerse de forma colectiva se así o considera o tribunal cualificador. Nas probas de resistencia xeral e natación, dispónse dunha soa posibilidade de execución; no resto permitirase unha segunda realización cando na primeira non se obteña a cualificación de "apto/a".


O desenvolvemento de cada unha das probas físicas deberá realizarse en lugares axeitados ao tipo de proba a executar. En todas as probas deberase empregar un sistema de medición que garanta a exactitude e certeza das marcas individuais obtidas por cada opositor.

A.1.1. Proba de velocidade: carreira de 50 metros lisos

Realizarase nunha pista de atletismo ou calquera zona totalmente chaira de terreo compacto.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar sinalado, podendo realizar a saída de pé ou agachado, sen utilizar tacos de saída.





As marcas máximas (en segundos) esixidas para a superación da proba son:

CATEGORÍA	TEMPOS
Homes	7,40 seg.
Mulleres	8,20 seg.

A.1.2. Proba de potencia de tren superior: os homes realizarán flexións de brazos e as mulleres suspensión en barra.

A.1.2.1. Flexións de brazos.

Realizarase en ximnasio ou campo de deportes.

Iniciarase dende a posición de suspensión pura, agarrando a barra coas palmas das mans núas, á fronte, e cos brazos totalmente estendidos.

A flexión completa realizarase de maneira que o queixo asome por enriba da barra. Antes de iniciar outra nova flexión será necesario estender totalmente os brazos. Non se permite o balanceo do corpo ou a axuda con movementos das pernas.

Contaranse soamente as flexións completas e realizadas correctamente. O número mínimo esixible é de 10 flexións.

A.1.2.2. Suspensión en barra.

Realizarase en ximnasio ou campo de deportes.

O exercicio consiste en quedar, o maior tempo posible, na posición que se describe: brazos flexionados, collendo a barra coas palmas da man cara atrás, pernas completamente estendidas e sen tocar o chan, queixo situado por enriba da barra e sen ter contacto con ela.

O tempo mínimo esixido para a superación da proba é de 52 segundos.

A.1.3. Proba de potencia de tren inferior: salto horizontal.

Realizarase en ximnasio ou campo de deportes, con chan horizontal e, coa superficie adecuada para efectuar a medición das marcas.

O/a aspirante colocarse de pé detrás dunha liña sen pisala, cos pes separados, paralelos entre si e á mesma altura. Realizará un salto horizontal caendo cos dous pes ao chan. Medirase a distancia entre a liña de saída ata a marca do apoio de caída máis próximo á liña.

As marcas mínimas esixidas (en centímetros) para a superación da proba son:

CATEGORÍA	MARCAS
Homes	210 cm
Mulleres	185 cm

A.1.4 Proba de resistencia xeral: carreira de 1.000 metros lisos.

Realizarase en pista de atletismo ou en calquera zona totalmente chá de terro compacto.

O/a aspirante colocarse na pista no lugar indicado. A saída realizarase en pé.





Será eliminado o corredor que abandone a pista durante a carreira.

As marcas máximas (en minutos e segundos) esixidas para a superación da proba son:

CATEGORÍA	MARCAS
Homes	3 minutos e 30 segundos
Mulleres	4 minutos e 10 segundos

A.1.5. Proba de natación: 25 metros estilo libre.

Realizarase nunha piscina que permita efectuar o percorrido sen facer viraxes.

O/a aspirante poderá colocarse para a saída, ben sobre a plataforma, ben no bordo da piscina, ou ben no interior do vaso, debendo permanecer neste último caso en contacto co bordo da saída.

Unha vez que se dea o sinal de saída, os/as aspirantes, ben en mergullo ou por impulsión sobre a parede, segundo a situación de partida adoptada, iniciarán a proba empregando calquera estilo para a súa progresión.

As marcas máximas (en segundos) para a superación da proba son:

CATEGORÍA	MARCAS
Homes	24 segundos
Mulleres	28 segundos

RESOLUCIÓN EN RELACIÓN Á SENTENZA DO XULGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO Nº 1 - PROCEDEMENTO ORDINARIO 0000315/2014

VISTA a senteza ditada polo Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 en relación co **procedemento Ordinario 0000315/2014** en relación co recurso contencioso-administrativo interposto pola entidade PROYECTOS Y DESARROLLOS RENOVABLES, S.L., sendo parte demandada o Concello de Ribeira e codemandada NOVENTO, S.L., sobre impugnación da desestimación presunta de reclamación de pago en relación co acordo subscrito entre os Concello da Pobra do Caramiñal, Porto do Son e Ribeira.

CONSIDERANDO que de acordo co disposto na referida sentenza:

“Fallo

Que, con estimación parcial del recurso contencioso-administrativo, presentado PROYECTOS Y DESARROLLOS RENOVABLES S.L., representada por la procuradora Doña Rita Goimil Martínez, contra la desestimación presunta de reclamación de pago, debo declarar y declaro la no conformidad a Derecho del mismo, anulando dicha desestimación por silencio, y ordenando al Concello de Ribeira que proceda conforme a lo dispuesto en el fundamento de derecho tercero de la presente resolución”.





CONCELLO
DE
RIVEIRA
(A CORUÑA)
Declarado Municipio Turístico Galego

CONSIDERANDO o disposto nos arts. 104 e ss da Ley 29/98, de 13 de julio, Reguladora de la Jurisdicción Contencioso-Administrativa, así como no art. 21.1.k da Ley 7/85, de 2 de abril, Reguladora de las Bases de Régimen Local.

A Xunta de Goberno Local acorda por unanimidade dos seus membros:

Primeiro:- Iniciar, tramitar e resolver o correspondente procedemento en expediente contradictorio, con audiencia da demandada e a codemandada, e así resolver sobre a procedencia ou non da obriga de pago e sobre a cantidade que procedería abonar, no seu caso, habida conta de que a actora non aportou a relación de facturas e a documentación xustificativa realización dos conceptos incluídos nas mesmas, polo que non puido o Concello entrar a valorar a realidade, contía e obriga de abono de tales gastos, sen que poida subsanarse a non aportación de documentación nin facturas en vía administrativa, agora en vía xudicial, xa que a Administración non tivo ocasión de pronunciarse sobre tal documentación, con audiencia á adxudicataria, a fin de determinar o importe dos gastos resarcibles.

Segundo:- Comunicar o presente acordo aos servizos municipais de Contratación, Intervención e Tesourería para a súa constancia e efectos.

Terceiro:- Notificar o presente acordo ás entidades Proyectos y Desarrollos Renovables, S.L. e Norvento, S.L. para a súa constancia e efectos oportunos.

Cuarto:- Notificar o presente acordo ó Xulgado do Contencioso-Administrativo nº 1 de Santiago para a súa constancia e efectos oportunos.

Quinto:- Facultar ó Sr. alcalde-presidente tan amplamente como en Dereito sexa posible para garantir a plena efectividade do presente acordo.

A Presidencia levanta a sesión sendo as dez horas e corenta minutos do mesmo día, estendéndose a presente acta, da que, como secretario xeral, dou fe e certifico.

Riveira, 26 de xaneiro de 2017

O Alcalde

Dou fe, o secretario xeral

Manuel Ruíz Rivas

Juan Manuel Salguero del Valle